CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

SECRETARIA

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE SETEMBRO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta de setembro do dous mil dezanove, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde**: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as**:

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria Mª Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina Mª Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias
**Esperta Monforte:** Dna. Mª Isabel García Díaz.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.
**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

# ORDE DO DÍA:

1. **ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 29 DE XULLO DO 2019**

   Intervén Dª Isabel García Díaz manifestando que na páxina 14 no derradeiro parágrafo onde intervén, na terceira frase empezando polo fondo "cree que a Xunta de Galicia pode eludir a Confederación Hidrográfica" o que dixen foi que nin a Xunta de Galicia nin a Confederación poderían eludir responsabilidades. A continuación na última liña di que están traballando para que Monforte teña unha depuradora. Nós non podemos traballar en que teña unha depuradora suficiente, o que dixen e que estamos a traballar en propostas e en preguntas para que se leve a cabo esa depuradora.

   Sometido o asunto a votación, queda aprobado 16 votos a favor, unha abstención de Dª Isabel García Díaz, aclarando que sabe perfectamente como é o Pleno, non pide unha relación literal esa palabra. aquí non se ven para debatir cos funcionarios. Aquí vense a debatir entre nós non entre funcionarios.

2. **DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 17.07.2019 ao 24.09.2019)**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 17 de xullo de 2019 ao 24 de setembro do 2019.

## PARTE RESOLUTIVA

3. **INSCRICION NO INVENTARIO DE BENS DA REVERSION DO BEN INMOBLE SITUADO NA AVENIDA DE GALICIA NÚM. 77**

O ditame é favorable á proposta do expediente, por unanimidade.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"Comunicación da Consellería de Facenda sobre a reversión do inmoble situado na Avenida de Galicia núm. 7 a favor do Concello de Monforte de Lemos.*

*Con data 7 de decembro do 2015 a Xunta de Goberno Local acordou:*

*"REVERSIÓN AO CONCELLO DUN INMOBLE SITO NA AVDA. DE GALICIA.*
*A Xunta de Galicia en maio de 2015 a Orde da Consellería de Facenda do 9 de abril de 2015, pola que se autoriza a reversión ao Concello de Monforte de Lemos dun inmoble situado na Avenida de Galicia, 77. A referencia catastral do inmoble é 2487011PH2028N0001FG. Achega un borrador da acta da entrega.*
*Da anterior comunicación recibiuse un recordatorio da propia Xunta-Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, cun prazo para contestar, para que poida ser efectiva esa reversión.*

*Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:*
*Aceptar a reversión ao Concello de Monforte de Lemos por parte da Xunta de Galicia do inmoble sito en Avenida de Galicia nº 77, de Monforte de Lemos, e facultar ao Sr. Alcalde para que asine a acta de entrega do inmoble nos termos en que se está redactada a remitida pola Xunta de Galicia".*

*Acta de entrega asinada con data 23 de decembro do 2015.*

*Visto o artigo 17 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aproba ao Regulamento de Bens das Entidades Locais e con base no artigo 34 do citado corpo legal*

*PROPOÑO Ó PLENO:*

*Rectificar o inventario de Bens do Concello de Monforte de Lemos no apartado relativo a bens inmobles do seguinte ben: inmble situado na Avenida de Galicia núm. 73-77 , referencia catastral 2487011PH2028N0001FG con planta semisótano, planta baixa, planta alta e planta baixo cuberta dunha superficie de 1.822,10 m2, cos requisitos do artigo 20 do citado regulamento de Bens".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai tres puntos que versan sobre o mesmo, dicindo que van acumular o seu debate e se votan por separado. Será o punto tres, catro e cinco.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando simplemente repetir do que xa se falou noutro pleno, que cando se inicie ese expediente de cesión ao Ministerio do Interior que se faga coas medidas precisas para que no caso de que cese a súa actividade de policía reverta no Concello, dunha forma que sexa fácil a súa reversión non haxa trámites burocráticos, que pode especificarse nese convenio-contrato así como as obras que se leven a cabo pois que sexan controladas polos técnicos municipais.

Intervén Dª Isabel García Díaz manifestando que non ten nada que dicir.
Intervén o Sr. Alcalde manifestando que por fin estamos en condicións de iniciar os trámites par a cesión deste edificio á Dirección Xeral da Policía Nacional e teñamos unha comisaria como merece este Concello e prestar un bo servizo os cidadáns.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

**4. INICIACION DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACION DO BEN SITUADO NA AVENIDA DE GALICIA NÚM. 77**

O ditame é favorable á proposta do expediente, por unanimidade.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"Proposta neste mesmo Pleno sobre o citado ben inmoble, e estando previsto a cesión ao Ministerio do Interior o citado edificio para o uso de Comisaria do Concello de Monforte de Lemos, dita cesión non pode producirse senón no suposto de que o ben sexa clasificado como ben patrimonial.*

*Polo que, á vista do disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais que sinala:*

*1. La alteración de la calificación jurídica de los bienes de las Entidades locales requiere expediente en el que se acrediten su oportunidad y legalidad.*

*2. El expediente deberá ser resuelto, previa información publica durante un mes, por la Corporación local respectiva, mediante «acuerdo adoptado» con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la misma.*

*3. En cualquier caso, la incorporación al patrimonio de la Entidad local de los bienes desafectados, incluso cuando procedan de deslinde de dominio público, no se entenderá efectuada hasta la recepción formal por el órgano competente de la Corporación de los bienes que se trate, y en tanto la misma no tenga lugar seguirán teniendo aquellos el carácter de dominio público.*

*4. No obstante, la alteración se produce automáticamente en los siguientes supuestos:*

*a) Aprobación definitiva de los planes de ordenación urbana y de los proyectos de obras y servicios.*

*b) Adscripción de bienes patrimoniales por más de veinticinco años a un uso o servicio público o comunal.*

*c) La entidad adquiera por usucapión, con arreglo al derecho civil, el dominio de una cosa que viniere estando destinada a un uso o servicio público o comunal."*

*PROPOÑO Ó PLENO:*

*Iniciar o expediente de desafectación do ben inmoble situado na Avenida de Galicia núm. 77 previa instrución do expediente tramitado de acordo co artigo 8.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. "*

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

5. **INICIACIÓN DO EXPEDENTE DE CESIÓN AO MINISTERIO DO INTERIOR DO BEN INMOBLE SITUADO NA AVENIDA DE GALICIA NÚM. 77, PARA USO DE COMISARIA.**

O ditame é favorable á proposta do expediente, por unanimidade.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"Con data 14.02.2017 o Pleno da Corporación adoptou o seguinte ACORDO:*

***"7. CESIÓN DO INMOBLE DA AVENIDA DE GALICIA Nº 77, PARA COMISARÍA DE POLICÍA.***

*Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.*

*Tralas intervencións regulamentarias, o asunto queda sobre a mesa.*

*No debate habido antes de que o asunto quedase pendente, producíronse as seguintes intervencións:*
*De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que segundo o que se dixo na Comisión Informativa, isto é un primeiro paso. Dúbidas que ten: O arranxo será por conta do Ministerio do Interior? A cesión é indefinida? Hai un prazo e unha posible reversión no tempo? Este Concello ten manifestado carencias en locais. Este edificio podería ter moitas prestacións. Agás que teñamos outros locais, non vexo o de regalar este ao Ministerio do Interior, e non sei por que se rexeita o de Duquesa de Alba, onde daría lugar a medidas preventivas. Precisa a policía ese*

*grandísimo edificio? Ímonos abster nesta vontade que se propón, é regalar un local privilexiado.*

*De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que propón deixar o asunto sobre a mesa, sen prexuízo do que fose conveniente sobre este edificio. En calquera caso, non se dignifica a rúa Duquesa coa policía alí, senón regulando e controlando que non sexa unha zona marxinal. O que se debate é se este que se trae é o local axeitado. Isto é unha declaración de intencións. Non é un ben patrimonial, só o solo está rexistrado. Este soar foi doado no seu día polo Dr. López Suárez para sanidade. Se hai limitación de usos, é un problema para a cesión.*

*De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que descoñecían o que acaba de dicir a portavoz do PP. Se existe esa doazón condicionada, é un contrasentido votar isto. Se é así, é prudente agardar.*

*Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que máis alá doutras consideracións, hai que axilizar o da Comisaría de Monforte. Temos menos de 20.000 habitantes, pode que o Ministerio do Interior quite a policía. Canto antes, mellor, ligar a policía a Monforte. Parece que non lles gustou o sitio de Duquesa de Alba. Hai un novo escrito en 2016, respecto ao edificio que en 2015 reverteu da Xunta. No seu día cedeuse o uso ao Estado e este transferiuno á Xunta. O 31 de agosto de 2016, o Comisario de Monforte solicita este inmoble. No primeiro Pleno deste ano, avanzamos coa vontade de cesión. Igual que no caso anterior de Duquesa, que foi a Pleno tres veces. Dille á portavoz de Esperta Monforte que a cesión é indefinida, pero con reversión ao Concello se non se cumpre o destino do inmoble. Dille á portavoz do PP que as doazóns non condicionan, como as expropiacións. Dálle sobre isto a palabra ao Sr. Secretario.*

*Do Sr. Secretario, que explica as características da nota simple rexistral coa que se conta, na que non figuran cargas. Efectivamente este acordo aínda non sería o de cesión, que ten que cumprir o que prevé a normativa para iso, pero nada impide que se adopte coa característica de expresar unha vontade corporativa municipal.*

*De Dna. Maribel García Díaz, que recorda o da escola de enfermería de Lugo, que foi unha doazón condicionada. Non sei neste caso.*

*De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que hai outros exemplos, como o do Luis Bodegas. Le o escrito que entrou en setembro en 2016. Temos outro Pleno o 27 deste mes. Reiteramos a petición de que quede sobre a mesa. Non estamos nunha situación de risco respecto á Comisaría de Policía, non me gusta que o Alcalde insista niso.*

*De Dna. Pilar López Martínez, que di que debería este punto conseguir unanimidade. Podemos esperar quince días, ou supeditar a vontade que se propón a que teñamos a*

*información necesaria. O Ministerio podía ter aceptado Duquesa de Alba. Unha votación non unánime non é conveniente.*

*Do Sr. Alcalde, que di que o acordo é iso, a vontade. Se aparece algo que o impida, non se segue co expediente. Deixalo pendente quince días, non é problema. O perigo de supresión da Comisaría transmitiumo a propia policía. Oxalá estivese funcionando en Duquesa. (Aquí di o Sr. Alcalde que quede o asunto sobre a mesa, coa aquiescencia da Corporación). "*

*Con data 26 de xuño do 2017 o Pleno da Corporación adoptou entre outros o seguinte ACORDO:*

*"Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:*

*"Recibiuse escrito da Comisaría de Policía de Monforte de Lemos, nos seguintes termos:*

*"Por orden de la Superioridad y a través de esta Comisaría Local se solicita a V.I., haga las gestiones necesarias, si fuera posible, para la cesión por parte del Ayuntamiento, del inmueble, sito en la Avda. Galicia, s/n, utilizado antiguamente como Centro de Salud, para la construcción de la nueva Comisaría del Cuerpo Nacional de Policía en la Ciudad de Monforte de Lemos por reunir los requisitos necesarios por su ubicación y características".*

*O inmoble ao que se refire ese escrito foi devolto ao Concello pola Xunta de Galicia en documento asinado o 23 de decembro de 2015 pola Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio e esta Alcaldía, tras cesar no uso sanitario ao que estaba destinado. A Xunta de Galicia recibírao á súa vez do Estado, a quen lle fora cedido anteriormente polo Concello.*

*Se se quere cedelo agora ao Estado para que o destine a Comisaría de Policía, será necesario cumprir co previsto no artigo 110.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, que di o seguinte:*

*"En todo caso, la cesión gratuita de los bienes requerirá acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, previa instrucción del expediente con arreglo a estos requisitos:*
*a) Justificación documental por la propia Entidad o Institución solicitante de su carácter público y Memoria demostrativa de que los fines que persigue han de*

*redundar de manera evidente y positiva en beneficio de los habitantes del término municipal.*
*b) Certificación del Registro de la Propiedad acreditativa de que los bienes se hallan debidamente inscritos en concepto de patrimoniales de la Entidad local.*
*c) Certificación del Secretario de la Corporación en la que conste que los bienes figuran en el inventario aprobado por la Corporación con la antedicha calificación jurídica.*
*d) Informe del Interventor de fondos en el que pruebe no haber deuda pendiente de liquidación con cargo al presupuesto municipal.*
*e) Dictamen suscrito por técnico que asevere que los bienes no se hallan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma o adaptación, no son necesarios para la Entidad local ni es previsible que lo sean en los diez años inmediatos.*
*f) Información pública por plazo no inferior a quince días."*

*En tanto se sustancia o expediente que esixe a norma transcrita, considerándose conveniente que a Corporación municipal mostre a súa vontade ao respecto, propúxose un acordo que quedou pendente na sesión do Pleno municipal do 14 de febreiro de 2017.*

*A razón diso e a nova perspectiva do asunto, quedan reflectidas no informe de Secretaría do 19/06/2017 do seguinte modo:*

*"O asunto quedou sobre a mesa, para tratar de dilucidar os termos nos que o seu día foi cedido ao Concello o terreo no que se asenta o edificio da proposta transcrita.*

*A través da Notaría de Monforte de Lemos de D. Pedro-Antonio Luna Vega, xa que non constaba no arquivo municipal, obtívose a escritura notarial formalizada en Monforte de Lemos o 30 de maio de 1959, ante o Notario D. Antonio Bascón Martinez de Campos, para a que compareceron D.Juan López Suárez e o entón Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, D.Guillermo Fernández Otero. Nas estipulacións de dita escritura figura a doazón do soar segregado na actual Avenida de Galicia, 77, para a edificación do proxectado Instituto de Hixiene, quedando condicionada á súa adscrición ao fin indicado.*

*Hai tamén na escritura o compromiso do Concello de non edificar no Campo da Compañía, referido a un prazo de cincuenta anos, que venceu en 2009.*

*No que respecta ao fin sanitario para o que se establecía e se condicionaba a doazón, debe terse en conta o previsto no artigo 13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, que di o seguinte: "Si los bienes se hubieren adquirido bajo condición o modalidad de su*

*afectación permanente a determinados destinos, se entenderá cumplida y consumada cuando durante treinta años hubieren servido al mismo y aunque luego dejaren de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público." O artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto de 27 de mayo de 1955, que foi derrogado polo novo Regulamento de 1986, e que estaba en vigor na data da escritura, tiña un artigo 12º cun texto similar, que dicía o seguinte: "Si los bienes se hubieren adquirido bajo condición o modalidad de su afectación permanente a determinados destinos, se entenderá cumplida y consumada cuando durante treinta años hubieren servido al mismo y dejaren de estarlo por circunstancias sobrevenidas de interés público."*

*Sen entrar noutras consideracións, alleas a quen subscribe, dende o punto de vista xurídico e no que respecta á influencia da escritura de doazón de 1959 no acordo que quedou sobre a mesa no Pleno do 14 de febreiro de 2017, dita escritura non obstaría á adopción do acordo, se se considera que durante trinta anos como mínimo se cumpriu coa finalidade e que esta cesou e/ou cesará por circunstancias sobrevidas de interese público."*

*Hai proposta da Alcaldía de someter novamente o asunto ao Pleno, "por canto tanto o uso sanitario no que cesou a Xunta de Galicia despois de máis de trinta anos do mesmo, como o novo destino que se propón, responden a circunstancias sobrevidas de interese público."*

*O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte*

*ACORDO*

*Por considerar que durante trinta anos como mínimo se cumpriu coa finalidade da doazón coa que se adquiriu o ben e que esta cesou e/ou cesará por circunstancias sobrevidas de interese público:*

*PRIMEIRO.- Trasladar ao Ministerio do Interior-Dirección Xeral da Policía, a través da Comisaría Local de Monforte de Lemos que tramitou a solicitude para o efecto, o compromiso e a vontade municipal de ceder gratuitamente para destinalo a Comisaría do Corpo Nacional de Policía en Monforte de Lemos, o inmoble sito na Avda. de Galicia, nº 77, de Monforte de Lemos, con referencia catastral 2487011PH2028N0001FG, o que será debidamente formalizado unha vez se cumpra co que esixe a normativa legal para a efectividade da transmisión.*

*SEGUNDO.- Comunicar ao propio tempo que se proceda á reversión ao Concello do cedido anteriormente para a mesma finalidade na rúa Duquesa de Alba, 13, de Monforte de Lemos (acordo do Pleno municipal do 15/03/2010, Resolución da*

*"Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado" do 29/03/2010 e acta de entrega do 07/05/2010)."*

*Á vista do disposto no artigo 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, R.D 1372/1986 de 13 de xuño e con base nos informes de Secretaría de datas 19.06.2017 e de data 18.09.2019.*

*PROPOÑO Ó PLENO:*

*Iniciar o expediente de cesión gratuíta a tramitar de acordo co previsto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais."*

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

## 6. PLAN ECONÓMICO FINANCIEIRO CONCELLO DE MONFORTE 2019-2020

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e catro abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e dúas do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"Logo de ver o informe de intervención de 28 de febreiro de 2019 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda pública con motivo da liquidación do orzamento do Concello de Monforte de Lemos do exercicio 2018, elabórase un Plan económico - financeiro (PEF) 2019-2020 que se achega, para acadar o cumprimento da regra de gasto, e elévase ó Pleno para a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Aprobación do Plan económico - financeiro 2019-2020:*

*PLAN ECONÓMICO - FINANCEIRO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (PEF) 2019-2020*

*1. INTRODUCCIÓN*

*O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e vén a establecer que "a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos*

*comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea". E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.*

*O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ó fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ó principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 relativo á regra de gasto, fixa como a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.*

*Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ó obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.*

*Así, o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.*

*En base ó disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos. Centrándonos xa no límite da regra de gasto, cómpre sinalar que para o conxunto das administración públicas, a taxa de referencia a ter en conta para o ano 2018, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 2,4.*

*Por outra parte, con motivo da elaboración e aprobación da Liquidación do exercicio 2018 a Intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. E de tales informes conclúese o seguinte:*

*1º.- O concello do Monforte de Lemos cumpre co límite da débeda xa que do informe de Intervención da Liquidación do exercicio 2018 se deduce que o volume de débeda*

*viva a 31 de decembro de 2018 ascendeu a 481.000,00€,o que supón un 3,72% dos ingresos correntes liquidados (capítulos I a V de ingresos): 12.916.083,87€. Dos datos resultantes se deduce que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLRFL.*

*2º.- O concello do Monforte de Lemos cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta capacidade de financiamento consolidada por importe de 1.078.367,17 €.*

*3º.- O concello de Monforte de Lemos incumpre o límite da regra de gasto nun importe de 486.582,41 €, en termos consolidados, correspondendo 485.363,74 € ó orzamento xeral do Concello e 1.218,67 ó Instituto Municipal de Drogodependencias.*

*En consecuencia, e ante tal incumprimento da regra de gasto, en aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira faise necesaria a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ó Concello recuperar a situación de equilibrio.*

*Por último, indícase que o orzamento aprobado para 2019 deste Concello cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, co límite de débeda e coa regra de gasto para 2019.*

## 2. *LEXISLACIÓN APLICABLE*

*A lexislación aplicable a ter en conta no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda é a seguinte:*

- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).*
- *Ley 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local.*
- *Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).*
- *Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na LOEPSF (OM) modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, concretamente a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ó principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).*

- *Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.*
- *Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención Xeral do Estado.*
- *Reglamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Concello, de 21 de maio (DOCE 26/06/13), que aproba o SEC 2010.*
- *Guía para a determinación da regra de gasto do art 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición IGAE.*
- *Manual do SEC95 sobre el Déficit Público e da Débeda Pública, publicado polo EUROSTAT.*

## *3. CONTIDO E TRAMITACIÓN DO PEF*

*De conformidade co artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:*

*a) As causas do incumprimento do obxectivo de establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.*
*b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.*
*c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extra orzamentarios nos que se contabilizarán.*
*d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ó que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15*
*e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.*

*Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de Bases de Réxime Local que no seu apartado segundo vén a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír alomenos algunha das seguintes medidas:*

*a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.*
*b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.*
*c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.*
*d) Racionalización organizativa.*

e) *Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ó municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.*
f) *Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.*

*Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán ser aprobados polo Pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:*

*1º O plan ten que ser presentado ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.*

*2º O plan deberá ser aprobado polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.*

*3º A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.*

*4º O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada o efecto na Oficina Virtual de Entidades Locais do mencionado Ministerio.*

*5º O plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.*

*6º Daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade a efectos meramente informativos.*

*** Neste exercicio estes prazos vense afectados pola celebración de proceso electoral de maio e a constitución da nova Corporación.*

## *4. SITUACIÓN ACTUAL*

*Tal como se desprende do expediente da liquidación do orzamento de 2018, e dos informes de intervención que o acompañan, as magnitudes orzamentarias a destacar son:*

*RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO:*

| CONCEPTOS | DERECHOS RECONOCIDOS NETOS | OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS | AJUSTES | RESULTADO PRESUPUESTARIO |
|---|---|---|---|---|
| a) Operaciones | 14.170.486,18 | 11.612.798,14 | | 2.557.688,04 € |
| b) Operaciones de | 534.470,60 € | 1.915.679,50 € | | -1.381.208,90 € |
| 1. Total operaciones no financieras | 14.704.956,78 | 13.528.477,64 | | 1.176.479,14 € |
| c) Activos financieros | 2.819,98 € | 2.819,98 € | | 0,00 € |
| d) Pasivos | 211.000,00 € | 1.201.905,28 € | | -990.905,28 € |
| 2. Total operaciones financieras | 213.819,98 € | 1.204.725,26 € | | -990.905,28 € |
| I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL | 14.918.776,76 | 14.733.202,90 | | 185.573,86 € |
| AJUSTES: | | | | |
| 3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos | | | 2.121.413,27 | |
| 4. Desviaciones de financiación negativas del | | | 856.165,10 | |
| 5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio | | | 507.033,03 | |
| II. TOTAL AJUSTES (II = 3+4- | | | 2.470.545,34 | |
| RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO | | | | 2.656.119,20 € |

## REMANENTE DE TESOURERÍA:

| ESTADO DE REMANENTE DE TESOUREIRÍA | 2018 | | 2017 | |
|---|---|---|---|---|
| 1. Fondos líquidos | | 6.719747,63 | | 6.407.364,82 |
| 2. Dereitos pendentes de cobro | | 5.518.970,97 | | 5.556.423,22 |
| (+) Do orzamento corrente | 1.857.552,04 | | 1.996.016,64 | |
| (+ ) De orzamentos pechados | 3.599.192,58 | | 3.496.249,59 | |
| (+) De operacións non orzamentarias | 62.226,35 | | 64.156,99 | |
| 3. Obrigas pendentes de pago | | 1.109.325,14 | | 888.969,21 |
| (+) Do orzamento corrente | 563.474,47 | | 337.195,98 | |
| (+) De orzamentos pechados | 49.825,22 | | 49.817,90 | |
| (+) De operacións non orzamentarias | 496.025,45 | | 501.955,33 | |
| 4. Partidas pendentes de aplicación | | -552.553,90 | | -544.520,93 |
| (-) Cobros realizados pendentes de | 556.580, | | 544.520, | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *aplicación definitiva* | *69* | | *93* | |
| *(-) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva* | *4.026,79* | | *0,00* | |
| *I. Remanente de Tesourería total (1+2-3)* | | *10.576.839,56* | | *10.530.297,90* |
| *II Saldos de dubidoso cobro* | | *2.761.014,07* | | *2.652.889,09* |
| *III. Exceso de financiamento afectada* | | *490.744,08* | | *477.576,28* |
| *IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais (I-II-III)* | | *7.325.081,41* | | *7.399.832,53* |

*CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:*

| *CONCEPTOS* | *CONCELLO* | *IMD* | *TOTAL* | *AXUSTE POR TRANSFERENCIAS INTERNAS* | *CONSOLIDADO* |
|---|---|---|---|---|---|
| *b) DRN capítulos I a VII orzamento corrente* | *14.704.956,78* | *273.800,00* | *14.978.756,78* | *273.800,00* | *14.704.956,78* |
| *b) ORN capítulos I a VII orzamento corrente* | *13.528.477,64* | *273.386,52* | *13.801.864,16* | *273.386,52* | *13.528.477,64* |
| *TOTAL (a – b)* | *1.176.479,14* | *413,48* | *1.176.892,62* | *413,48* | *1.176.479,14* |
| *AXUSTES* | | | | | |
| *1) Axustes recadación capítulo 1,2,3* | *-166.480,00* | | *-166.480,00* | | *-166.480,00* |
| *4) Axuste por liquidación PIE-2008* | *11.634,24* | | *11.634,24* | | *11.634,24* |
| *5) Axuste por liquidación PIE-2009* | *12.606,96* | | *12.606,96* | | *12.606,96* |
| *6) Axuste por devolución de ingresos* | *21.621,87* | | *21.621,87* | | *21.621,87* |
| *7) Arrendamento financeiro* | *-2.530,67* | *146,64* | *-2.384,03* | | *-2.384,03* |
| *8) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento* | *24.888,99* | | *24.888,99* | | *24.888,99* |
| *c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5)* | *14.584.339,85* | *273.800,00* | *14.858.139,85* | | *14.584.339,85* |
| *d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 6,7,8)* | *13.506.119,32* | *273.239,88* | *13.779.359,20* | | *13.505.972,68* |
| *e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (c - d)* | *1.078.220,53* | *560,12* | *1.078.780,65* | | *1.078.367,17* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c )* | *7,39* | *0,20* | *7,26* | | *7,98* |

*NIVEL DE DÉBEDA VIVA:*

| *NIVEL DE DÉBEDA VIVA* | | |
|---|---|---|
| *1* | *(+) DRN (CAP I-V INGRESOS)* | *14.170.486,18* |
| *2* | *(-) INGRESOS AFECTADOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL OU INGRESOS EXTRAORDINARIOS* | *0,00* |
| *3* | *(-) INGRESOS AFECTADOS* | *1.254.402,31* |
| *4* | *TOTAL(1-2)* | *12.916.083,87* |
| *5* | *DEBEDA VIVA 31/12/2018 Sen incluír PIE* | *481.000,00* |
| | *Operacións a longo* | *481.000,00* |
| | *Operacións de Tesourería* | *0,00* |
| *6* | *Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:* | *3,72%* |

*SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA:*

| | | |
|---|---|---|
| *A* | *Dereitos recoñecidos netos 2018 (C.I, II, III,IV,V)* | *14.170.486,18* |
| *B* | *Obrigas recoñecidas netas 2018 ( C I, II,IV)* | *11.605.306,50* |
| *C=A-B* | *AFORRO BRUTO* | *2.565.179,68* |
| *1* | *Anualidade Teórica Amortización (1)* | *21.100,00* |
| *2* | *Obrigas financiadas con RTGG*** | *1.189.321,21* |
| *D=C-1-2* | *AFORRO NETO* | *1.354.758,47* |
| *D/A*100* | *% AFORRO NETO* | *9,56%* |

*REGRA DE GASTO:*

| ***CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS*** | ***LIQUIDACIÓN 2017*** | | ***LIQUIDACIÓN 2018*** | |
|---|---|---|---|---|
| *APLICACIÓN DA REGLA DE GASTO E O LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO* | *PARCIALES* | *TOTALES* | *PARCIALES* | *TOTALES* |
| *1. Gastos de personal* | *4.066.126,66* | | *4.342.376,73* | |
| *2. Compras corrientes de bienes y servicios* | *6.062.391,84* | | *6.293.467,68* | |
| *3. Gastos financieros* | *12.029,13* | | *7.491,64* | |
| *4. Transferencias corrientes* | *929.515,25* | | *969.462,09* | |
| *6. Inversiones reales* | *1.394.319,88* | | *1.870.529,19* | |
| *7. Transferencias de capital* | *41.786,61* | | *45.150,31* | |
| *SUBTOTAL:* | *12.506.169,37* | | *13.528.477,64* | |
| *I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO* | | *12.506.169,37* | | *13.528.477,64* |
| *MENOS:* | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *Intereses de la deuda* | *12.029,13* | | *7.491,64* | |
| *Enajenación de Terrenos y demas inversiones reales* | *1.274,40* | | *2.137,50* | |
| *Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) (*)* | *1.994.169,56* | | *1.927.944,72* | |
| *Consolidación de transferencias* | | | *273.800,00* | |
| *Inejecución* | | | | |
| *Obligaciones mecanismo 4/2012* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *2.007.473,09* | | *2.211.373,86* | |
| *II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):* | | *10.498.696,28* | | *11.317.103,78* |
| *Ajustes SEC95 que inciden en gastos** | *-110.483,23* | | *-1.496,12* | |
| *Operaciones de arrendamiento financiero (leasing)* | *-24.888,99* | | *-24.888,99* | |
| *Aportaciones de capital a SSMM para amortizar pérdidas* | | | *-193.311,09* | |
| *Otros ajustes de gastos* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *-135.372,22* | | *-219.696,20* | |
| *III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:* | | *10.363.324,06* | | *11.097.407,58* |
| *Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):* | *2,4%* | | | |
| *IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:* | | *10.612.043,84* | | *11.097.407,58* |
| *Aumentos permanentes de recaudación por cambios normativos (art. 12.4 LOEPSF):* | | | | |
| *(+) Incremento de bases imponibles o tipos de gravamen:* | | | | |
| *(+) Incremento PTE (IVA, IRPF, impuestos especiales):* | | | | |
| *(+) Otros incrementos estimados:* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *0,00* | | *0,00* | |
| *Disminuciones permanentes de recaudación por cambios normativos (art. 12.5 LOEPSF):* | | | | |
| *(-) Disminución de bases imponibles o tipos de gravamen :* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *0,00* | | *0,00* | |
| *V- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL:* | | *10.612.043,84* | | *11.097.407,58* |

*A diferencia entre o límite computable derivado da liquidación de 2017 e o gasto computable de 2018 é de -485.363,74 € (10.612.043,84- 11.097407,58), polo que se incumpre o límite.*

*** Hai unha pequena diferencia no importe do incumprimento con respecto ó que consta no expediente de liquidación aprobado, por importe de -4.300,19 € (489.663,93 - 485.363,74), que se detectou ó cargar os datos na aplicación do Ministerio. A diferencia débese a un erro de transcrición do importe do gasto no capítulo 1, que no cadro de cálculo é inferior ó real por 273,40 € e porque no cadro de cálculo se tivo en conta, prudentemente, o importe na conta 413 do cargo pendente de comisións de ABANCA, que o Ministerio na súa aplicación non permite incluír.*

| INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS | LIQUIDACIÓN 2017 | | LIQUIDACIÓN 2018 | |
|---|---|---|---|---|
| APLICACIÓN DA REGLA DE GASTO E O LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO | PARCIAIS | TOTAIS | PARCIAIS | TOTAIS |
| 1. Gastos de personal | 249.368,05 | | 255.030,37 | |
| 2. Compras corrientes de bienes y servicios | 16.131,02 | | 18.356,15 | |
| 3. Gastos financieros | | | | |
| 4. Transferencias corrientes | | | | |
| 6. Inversiones reales | | | | |
| 7. Transferencias de capital | | | | |
| SUBTOTAL: | 265.499,07 | | 273.386,52 | |
| I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO: | | 265.499,07 | | 273.386,52 |
| MENOS: | | | | |
| Intereses de la deuda | | | | |
| Enajenación de Terrenos y demas inversiones reales | | | | |
| Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) | | | | |
| Consolidación de transferencias | | | | |
| Inejecución | | | | |
| Obligaciones mecanismo 4/2012 | | | | |
| SUBTOTAL: | 0,00 | | 0,00 | |
| II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF): | | 265.499,07 | | 273.386,52 |
| Ajustes SEC95 que inciden en gastos* | 146.64 | | -146.64 | |
| Operaciones de arrendamiento financiero (leasing) | | | | |
| Aportaciones de capital a SSMM para amortizar pérdidas | | | | |
| Otros ajustes de gastos | | | | |
| SUBTOTAL: | 146.64 | | -146.64 | |
| III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO: | | 265.645,71 | | 273.239,88 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):* | *2,40 %* | | | |
| *IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:* | | *272.021,21* | | *273.239,88* |
| *Aumentos permanentes de recaudación por cambios normativos (art. 12.4 LOEPSF):* | | | | |
| *(+) Incremento de bases imponibles o tipos de gravamen:* | | | | |
| *(+) Incremento PTE (IVA, IRPF, impuestos especiales):* | | | | |
| *(+) Otros incrementos estimados:* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *0,00* | | *0,00* | |
| *Disminuciones permanentes de recaudación por cambios normativos (art. 12.5 LOEPSF):* | | | | |
| *(-) Disminución de bases imponibles o tipos de gravamen :* | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *0,00* | | *0,00* | |
| *V- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL:* | | *272.021,21* | | *273.239,88* |

*A diferencia entre o límite computable derivado da liquidación de 2017 e o gasto computable de 2018 é de -1.218,67 € (272.021,21 – 273.239,88), polo que se incumpre o límite.*

*PERÍODO MEDIO DE PAGO (referido ó último trimestre de 2018):*

*DETALLE POR ENTIDADES:*

| *Código de Entidade* | *Entidade* | *Ratio de Operacions Pagadas ** | *Ratio de Operacions Pendentes de Pago ** | *Periodo Medio de Pago Trimestral ** |
|---|---|---|---|---|
| *11-27-031-AA-000* | *Monforte de Lemos* | *1,89* | *3,14* | *2,10* |
| *11-27-031-AV-001* | *Inst. M. Drogodependencias* | *6,24* | *3,00* | *4,74* |

*PMP GLOBAL:*

| *Periodo Medio de Pago Global a Provedores Trimestral ** | |
|---|---|
| *Monforte de Lemos* | *2,11* |

*Do exposto dedúcese o **cumprimento do obxectivo de estabilidade** orzamentaria cunha capacidade de financiamento de 1.078.367,17 €; o **cumprimento do límite de débeda pública** coa porcentaxe de 3,72 %; o **cumprimento do período medio de pago** segundo a metodoloxía do RD 635/2014; e o **incumprimento da regra de gasto**,*

*cunha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de 486.582,41 € (en termos consolidados).*

## *5. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO*

*A execución orzamentaria de 2018 pon de manifesto, por unha parte, que se executou gasto por enriba do previsto para o cumprimento do límite da regra de gasto, pero por outra banda, tamén se mostra que a capacidade de gasto do Concello de Monforte de Lemos é superior á que se obtén partindo do cálculo efectuado segundo as cifras de liquidación de exercicios anteriores.*

*Durante o exercicio aumentou o gasto do Concello por enriba do previsto no cálculo do cumprimento da regra de gasto segundo consta no expediente de aprobación do orzamento de 2018 agás os referidos ós gastos bancarios ó proceder á amortización de débeda no exercicio 2018. Algúns destes incrementos veñen dados polos seguintes gastos:*

*1.- No capítulo un hai un incremento de 300.000,00€ na execución con respecto á da liquidación de 2017, derivada fundamentalmente do incremento do 1,5% aplicable todo o ano e 0,25 % a maiores durante outro medio ano (Lei de orzamentos Xerais do Estado). Ademáis do custo da aportación do Concello en aqueles contratos financiados con subvención nos que hai que aportar unha porcentaxe con fondos propios, as horas extra da policía local debido á falta de persoal do corpo.*

*2.- Con respecto á liquidación do capítulo 2 o incremento é de aproximadamente 200.000,00 €, dos cales as cifras máis relevantes son as do contrato da prestación de axuda a domicilio (89.000,00 € máis que no exercicio anterior) e da recollida de lixo e limpeza viaria (35.000,00 € máis), o resto do incremento vén dada pola normal aplicación do IPC e regularizacións de contratos.*

*3.- Do resto de capítulos destaca a variación do capítulo 6 de investimentos cun incremento de 500.000,00 € dos cales 193.000,00 € se corresponden coa execución de IFS, polo que non se teñen en conta para o cálculo do gasto computable. Con respecto ó orzamento de 2018 a execución é superior ó inicialmente consignado en máis de 1 millón de euros.*

## *6. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN*

*1.- Visto que as liquidacións dos últimos exercicios poñen de manifesto a capacidade financeira do concello, o cumprimento dos obxectivos da normativa sobre a*

*estabilidade orzamentaria, o incremento do remanente, o cumprimento de prazos de pago a provedores... en xeral unha situación económica saneada, os obxectivos do Plan deben ser os de dotar ós orzamentos de 2019 e 2020 e a súa execución da estabilidade e equilibrio necesarios para cumprir o establecido na Lei de Estabilidade.*

*Estase a tramitar un expediente de amortización de débeda no exercicio 2019 co que se pretende liquidar a débeda con entidades financeiras a 31/12/2019.*

*O orzamento aprobado para 2019 cumpre inicialmente a regra de gasto, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e co nivel de débeda, segundo consta no expediente de aprobación. Para os cálculos deste PEF na liquidación prevista de 2019 teranse tamén en conta as cifras da liquidación de 2018 e as modificacións orzamentarias aprobadas ata a data e os compromisos adquiridos.*

***Analizado as previsións de ingresos e gastos da liquidación e o orzamento aprobado para 2019, enténdese que sería suficiente para cumprir cos límites da regra e co obxectivo de estabilidade xestionar o orzamento do exercicio 2019 coa máxima atención ó cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. E aprobar o orzamento do exercicio 2020 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.***

*ORZAMENTO CONSOLIDADO DE 2019 (XA APROBADO):*

| GASTOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2019 | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I | 4.467.027,43 | 267.868,86 | | 4.734.896,29 |
| CAPITULO II | 6.682.869,52 | 19.100,00 | | 6.701.969,52 |
| CAPITULO III | 8.393,35 | | | 8.393,35 |
| CAPITULO IV | 1.044.667,05 | | 286.968,86 | 757.698,19 |
| TOTAL | 12.202.957,35 | 286.968,86 | 286.968,86 | 12.202.957,35 |
| CAPITULO VI | 661.044,45 | | | 661.044,45 |
| CAPITULO VII | 41.949,31 | | | 41.949,31 |
| CAPITULO VIII | 6.000,00 | | | 6.000,00 |
| CAPITULO IX | 21.100,00 | | | 21.100,00 |
| TOTAL | 730.093,76 | 0,00 | 0,00 | 730.093,76 |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 12.933.051,11 | 286.968,86 | 286.968,86 | 12.933.051,11 |

| INGRESOS |
|---|

| 2019 | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|
| CAPITULO I | 5.266.773,57 | | | 5.266.773,57 |
| CAPITULO II | 100.000,00 | | | 100.000,00 |
| CAPITULO III | 2.099.303,26 | | | 2.099.303,26 |
| CAPITULO IV | 5.393.729,04 | 286.968,86 | 286.968,86 | 5.393.729,04 |
| CAPITULO V | 67.245,24 | | | 67.245,24 |
| TOTAL | 12.927.051,11 | 286.968,86 | 286.968,86 | 12.927.051,11 |
| CAPITULO VIII | 6.000,00 | | | 6.000,00 |
| TOTAL | 6.000,00 | 0,00 | 0,00 | 6.000,00 |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 12.933.051,11 | 286.968,86 | 286.968,86 | 12.933.051,11 |

## *ORZAMENTO CONSOLIDADO DE 2020 (PREVISTO):*

| GASTOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2020 | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I | 4.520.000,00 | 268.070,07 | | 4.788.070,07 |
| CAPITULO II | 6.772.000,00 | 20.354,40 | | 6.792.354,40 |
| CAPITULO III | 1.000,00 | | | 1.000,00 |
| CAPITULO IV | 975.000,00 | | 288.424,47 | 686.575,53 |
| TOTAL | 12.268.000,00 | 288.424,47 | 288.424,47 | 12.268.000,00 |
| CAPITULO VI | 500.000,00 | | | 500.000,00 |
| CAPITULO VII | 202.000,00 | | | 202.000,00 |
| CAPITULO VIII | 6.000,00 | | | 6.000,00 |
| TOTAL | 708.000,00 | 0,00 | 0,00 | 708.000,00 |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 12.976.000,00 | 288.424,47 | 288.424,47 | 12.976.000,00 |

| INGRESOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2020 | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I | 5.300.000,00 | | | 5.300.000,00 |
| CAPITULO II | 102.000,00 | | | 102.000,00 |
| CAPITULO III | 2.111.000,00 | | | 2.111.000,00 |
| CAPITULO IV | 5.390.000,00 | 288.424,47 | 288.424,47 | 5.390.000,00 |
| CAPITULO V | 67.000,00 | | | 67.000,00 |
| TOTAL | 12.970.000,00 | 288.424,47 | 288.424,47 | 12.970.000,00 |
| CAPITULO VIII | 6.000,00 | | | 6.000,00 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *TOTAL* | *6.000,00* | *0,00* | *0,00* | *6.000,00* |
| *TOTAL XERAL CONSOLIDADO* | *12.976.000,00* | *288.424,47* | *288.424,47* | *12.976.000,00* |

*Analizada a previsión execución do orzamento ata a data desta proposta e tendo en conta previsións de ingresos baseándonos nas liquidacións dos últimos exercicios estímase que a execución do mesmo nos exercicios 2019 e 2020 permitiría cumprir o límite da regra de gasto e o obxectivo da estabilidade segundo se determina nos cadros seguintes:*

*PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN DE INGRESOS NO 2019 E 2020*

| | *2019* | | | *2020* | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *CAP* | *INICIAL* | *DRN PREVISTOS* | *RECADACIÓN NETA* | *INICIAL* | *DRN PREVISTOS* | *RECADACIÓN NETA* |
| *1* | *5.266.773,57* | *5.700.000,00* | *4.964.092,04* | *5.300.000,00* | *5.680.000,00* | *4.946.674,17* |
| *2* | *100.000,00* | *150.000,00* | *119.088,21* | *102.000,00* | *150.000,00* | *119.088,21* |
| *3* | *2.099.303,26* | *2.189.681,78* | *1.833.626,67* | *2.111.000,00* | *2.120.000,00* | *1.775.275,56* |
| *4* | *5.393.729,04* | *6.184.395,10* | *5.480.916,85* | *5.390.000,00* | *6.190.000,00* | *5.485.884,19* |
| *5* | *67.245,24* | *80.000,00* | *56.937,14* | *67.000,00* | *80.000,00* | *56.937,14* |
| *7* | *0,00* | *530.000,00* | *446.354,21* | *0,00* | *530.000,00* | *446.354,21* |
| | *12.927.051,11* | *14.834.076,88* | *12.901.015,12* | *12.976.000,00* | *14.750.000,00* | *12.830.213,47* |

*PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN DE GASTOS NO 2019 E 2020*

| | *2019* | | *2020* | |
|---|---|---|---|---|
| *CAP* | *INICIAL* | *OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS* | *INICIAL* | *OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS* |
| *1* | *4.467.027,43* | *4.379.527,26* | *4.520.000,00* | *4.592.104,20* |
| *2* | *6.682.869,52* | *6.387.869,70* | *6.772.000,00* | *6.550.000,00* |
| *3* | *8.393,35* | *2.500,00* | *1.000,00* | *200,00* |
| *4* | *1.044.667,05* | *970.000,00* | *975.000,00* | *970.000,00* |
| *6* | *661.044,45* | *2.309.731,19* | *500.000,00* | *1.859.584,41* |
| *7* | *41.949,31* | *68.467,13* | *202.000,00* | *202.000,00* |
| | *12.905.951,11* | *14.118.095,28* | *12.970.000,00* | *14.173.888,61* |

*Con estes datos calculamos o cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da Regra de gasto:*

*CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO EN 2019:*

| CONCEPTOS | CONCELLO | DROGO | TOTAL | AXUSTE POR TRANSFERENCIAS INTERNAS | CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|---|
| b) DRN capítulos I a VII orzamento corrente | 14.834.076,88 | 280.568,55 | 15.114.645,43 | 280.568,55 | 14.834.076,88 |
| b) ORN capítulos I a VII orzamento corrente | 14.118.095,27 | 280.568,55 | 14.398.663,82 | 280.568,55 | 14.118.095,27 |
| TOTAL (a – b) | 715.981,61 | 0,00 | 715.981,61 | 0,00 | 715.981,61 |
| AXUSTES | | | | | |
| 1) Axustes recadación capítulo 1,2,3 | -139.815,54 | | -139.815,54 | | -139.815,54 |
| 4) Axuste por liquidación PIE-2008 | 11.634,24 | | 11.634,24 | | 11.634,24 |
| 5) Axuste por liquidación PIE-2009 | 12.606,96 | | 12.606,96 | | 12.606,96 |
| 8) Axuste por devolución de ingresos | -20.000,00 | | -20.000,00 | | -20.000,00 |
| 7) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento | 0,00 | | 0,00 | | 0,00 |
| 9) Arrendamiento financiero | 28.499,60 | | 28.499,60 | | 28.499,60 |
| c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5) | 14.698.502,54 | 280.568,55 | 14.979.071,10 | | 14.698.502,54 |
| d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 6,7,8) | 14.146.594,87 | 280.568,55 | 14.370.164,22 | | 14.146.594,87 |
| e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (c - d) | 551.907,67 | 0,00 | 608.906,87 | | 551.907,67 |
| En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c ) | 3,75 | 0,00 | 4,07 | | 3,75 |

*CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO EN 2020:*

| CONCEPTOS | CONCELLO | DROGO | TOTAL | AXUSTE POR TRANSFERENCIAS INTERNAS | CONSOLIDADO |
|---|---|---|---|---|---|
| b) DRN capítulos I a VII orzamento corrente | 14.750.000,00 | 284.777,08 | 15.034.777,08 | 284.777,08 | 14.750.000,00 |
| b) ORN capítulos I a VII orzamento corrente | 14.173.888,61 | 284.777,08 | 14.458.665,69 | 284.777,08 | 14.173.888,61 |
| TOTAL (a – b) | 576.111,39 | 0,00 | 576.111,39 | 0,00 | 576.111,39 |
| AXUSTES | | | | | |
| 1) Axustes recadación capítulo 1,2,3 | -140.008,51 | | -140.008,51 | | -140.008,51 |
| 4) Axuste por liquidación PIE-2008 | 11.634,24 | | 11.634,24 | | 11.634,24 |
| 5) Axuste por liquidación PIE-2009 | 12.606,96 | | 12.606,96 | | 12.606,96 |
| 8) Axuste por devolución de ingresos | -20.000,00 | | -20.000,00 | | -20.000,00 |
| 7) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento | 0,00 | | 0,00 | | 0,00 |
| 9) Arrendamiento financiero | -9.002,40 | | -9.002,40 | | -9.002,40 |
| c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5) | 14.614.232,69 | 284.777,08 | 14.899.009,77 | | 14.614.232,69 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 6,7,8)* | *14.164.886,21* | *284.777,08* | *14.467.668,09* | | *14.164.886,21* |
| *e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (c - d)* | *449.346,48* | *0,00* | *431.341,68* | | *449.346,48* |
| *En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c )* | *3,07* | *0,00* | *2,90* | | *3,07* |

*En ámbolos dous exercicios, de executarse o orzamento como se prevé, se cumpriría co obxectivo da estabilidade.*

*En canto ó cumprimento da regra de gasto, analízase nos seguintes:*

| *ENTIDADE: DROGODEPENDENCIAS* | *LIQUIDACIÓN 2018* | *2019 ORZAMENTO* | | *LIQUIDAC 2019 PREVISTA* | | *ORZAMENTO 2020 PREVISTO* | | *LIQUIDAC 2020 PREVISTA* | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *APLICACIÓN DE LA REGLA DE GASTO Y EL LÍMITE DE GASTO NO FINANCIERO* | *PARCIALES/ TOTALES* | *PARCIALES* | *TOTALES* | *PARCIALES* | *TOTALES* | | *TOTALES* | | *TOTALES* |
| *1. Gastos de personal* | *255.030,37* | *267.868,86* | | *260.768,55* | | *268.070,07* | | *264.680,08* | |
| *2. Compras corrientes de bienes y servicios* | *18.356,15* | *19.100,00* | | *19.800,00* | | *20.354,40* | | *20.097,00* | |
| *3. Gastos financieros* | | | | | | | | | |
| *4. Transferencias corrientes* | | | | | | | | | |
| *6. Inversiones reales* | | | | | | | | | |
| *7. Transferencias de capital* | | | | | | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *273.386,52* | *286.968,86* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* | |
| *I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO* | *273.386,52* | | *286.968,86* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* |
| *MENOS:* | | | | | | | | | |
| *Intereses de la deuda* | | | | | | | | | |
| *Enajenación de Terrenos y demás inversiones reales* | | | | | | | | | |
| *Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap. 4 y 7) (*)* | | | | | | | | | |
| *Consolidación de transferencias* | | | | | | | | | |
| *Inejecución* | | *6.388,01* | | | | | | | |
| *Obligaciones mecanismo 4/2012* | | | | | | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *0,00* | *6.388,01* | | *0,00* | | *0,00* | | *0,00* | |
| *II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):* | *273.386,52* | | *280.580,85* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* |
| *Ajustes SEC95 que inciden en gastos** | *-146,64* | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Operaciones de arrendamiento financiero (leasing)* | | | | | | | | | |
| *Aportaciones de capital a SSMM para amortizar pérdidas* | | | | | | | | | |
| *Otros ajustes de gastos* | | | | | | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *-146,64* | *0,00* | | *0,00* | | *0,00* | | *0,00* | |
| *III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:* | *273.239,88* | | *280.580,85* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* |
| *Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):* | | | | *2,7%* | | | | *2,8%* | |
| *IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:* | *273.239,88* | | *280.580,85* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* |
| *V- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL:* | *273.239,88* | | *280.580,85* | | *280.568,55* | | *288.424,47* | | *284.777,08* |

*Con estas previsións a liquidación do orzamento do Instituto Municipal de Drogodependencias cumpriría co límite da regra de gasto tanto no exercicio 2019 [(273.239,88 * (1 +2,7%)) - 280.568,55 = 48,80] como no 2020 [(280.568,55* (1+2,8%) ) - 284.777,08 = 3.647,39]*

| *ENTIDADE: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS* | *LIQUIDACIÓN 2018* | *2019 ORZAMENTO* | *LIQUIDAC 2019 PREVISTA* | *ORZAMENTO 2020 PREVISTO* | *LIQUIDAC 2020 PREVISTA* |
|---|---|---|---|---|---|
| *APLICACIÓN DE LA REGLA DE GASTO Y EL LÍMITE DE GASTO NO FINANCIERO* | *PARCIALES /TOTALES* | *PARCIALES/ TOTALES* | *PARCIALES/ TOTALES* | *PARCIALES /TOTALES* | *PARCIALES/ TOTALES* |
| *1. Gastos de personal* | *4.342.376,73* | *4.467.027,43* | *4.379.527,26* | *4.520.000,00* | *4.592.104,20* |
| *2. Compras corrientes de bienes y servicios* | *6.293.467,68* | *6.682.869,52* | *6.387.869,70* | *6.772.000,00* | *6.550.000,00* |
| *3. Gastos financieros* | *7.491,64* | *8.393,35* | *2.500,00* | *1.000,00* | *200,00* |
| *4. Transferencias corrientes* | *969.462,09* | *1.044.667,05* | *970.000,00* | *975.000,00* | *970.000,00* |
| *6. Inversiones reales* | *1.870.529,19* | *661.044,45* | *2.309.731,19* | *500.000,00* | *1.859.584,41* |
| *7. Transferencias de capital* | *45.150,31* | *41.949,31* | *68.467,13* | *202.000,00* | *202.000,00* |
| *SUBTOTAL:* | *13.528.477,64* | *12.905.951,11* | *14.118.095,27* | *12.970.000,00* | *14.173.888,61* |
| *I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO:* | *13.528.477,64* | *12.905.951,11* | *14.118.095,27* | *12.970.000,00* | *14.173.888,61* |
| *MENOS:* | | | | | |
| *Intereses de la deuda* | *7.491,64* | *8.393,35* | *2.500,00* | *1.000,00* | *200,00* |
| *Enajenación de Terrenos y demas inversiones reales* | *2.137,50* | | | | |
| *Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) (*)* | *1.927.944,72* | *880.150,34* | *2.000.000,00* | *900.000,00* | *2.000.000,00* |
| *Consolidación de transferencias* | *273.800,00* | *286.968,86* | *280.568,55* | *288.424,47* | *284.777,08* |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Obligaciones mecanismo 4/2012* | | | | | |
| *Inexecución* | | *402.456,85* | | *404.664,00* | |
| | *2.211.373,86* | *1.577.969,40* | *2.283.068,55* | *1.594.088,47* | *2.284.977,08* |
| *II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):* | *11.317.103,78* | *11.327.981,71* | *11.835.026,72* | *11.375.911,53* | *11.888.911,53* |
| *Ajustes SEC95 que inciden en gastos** | *-1.496,12* | | | | |
| *Operaciones de arrendamiento financiero (leasing)* | *-24.888,99* | *-2.500,00* | *-28.499,60* | *-9.002,40* | *-9.002,40* |
| *Investimentos financeiramento sostibles* | *-193.311,09* | | *-738.635,78* | | *-750.000,00* |
| *Otros ajustes de gastos* | | | | | |
| *SUBTOTAL:* | *-219.696,20* | *-2.500,00* | *-767.135,38* | *-9.002,40* | *-759.002,40* |
| *III-GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:* | *11.097.407,58* | *11.325.481,71* | *11.067.891,34* | *11.366.909,13* | *11.129.909,13* |
| *Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):* | | *2,7%* | | *2,8%* | |
| *IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE INICIAL:* | *11.097.407,58* | *11.325.481,71* | *11.067.891,34* | *11.366.909,13* | *11.129.909,13* |
| *V- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL:* | *11.097.407,58* | *11.325.481,71* | *11.067.891,34* | | *11.129.909,13* |

*Con estas previsións a liquidación do orzamento do Concello de Monforte cumpriría co límite da regra de gasto tanto no exercicio 2019 [(11.097.407,58* (1 +2,7%)) – 11.067.891,34 = 329.146,25] como no 2020 [(11.067.891,34 * (1+2,8%) ) – 11.129.909,13 = 247.883,17]*

*Cos datos definitivos a execución consolidada do orzamento cumpriría o obxectivo da regra de gasto e demais regras fiscais.*

*2.- Intentar aplicar ó máximo ó principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se intentará que todos os gastos correspondentes ó exercicio sexan executados integramente durante o mesmo.*

*3.- Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, tentando manter o calculado segundo o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, como xa se está a facer na actualidade*

*4.- En relación ó contido adicional que a Lei 27/2013 vén a fixar para o plan económico financeiro, considera esta Alcaldía que non se precisa a adopción das medidas recollidas no artigo 116.bis, apartado segundo, da Lei 7/1985, (introducido polo número trinta do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local) toda vez que coas propostas se consegue o cumprimento da estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e a sostibilidade financeira.*

*7. CONCLUSIÓNS*

*Visto o anterior, conclúese:*

*Primeiro.- Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do orzamento de 2018, podemos afirmar que as magnitudes orzamentarias son positivas. É dicir, o Resultado orzamentario é positivo, ó igual que o Remanente de Tesourería para gastos xerais. Cúmprese co aforro neto positivo e o ratio de capital vivo a 31/12/2018 está moi por debaixo do límite que marca a normativa vixente. Asimesmo cúmprese co obxectivo de estabilidade orzamentaria entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC 95. Non cumpre, sen embargo co nivel de gasto computable para a regra de gasto.*

*Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ó previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.*

*Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Monforte cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ó final dos exercicios 2019 e 2020, con ocasión da aprobación da liquidación dos orzamentos correspondentes a eses exercicios. Manteríase, como vén sendo ata o momento, unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional e un volume de débeda viva que será inferior ó legalmente previsto como límite.*

*Segundo.- Aplicar a publicidade establecida legalmente para os Orzamentos da entidade a meros efectos informativos, dar traslado a Comisión Nacional de Administración Local e a Xunta de Galicia, e demais trámites de aplicación."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez lembrando que o concello cumpre coa débeda pero a realidade e que pasouse nun gasto sobre 400.000,00 euros, segundo os datos facilitados polos técnicos do Concello, para entender son horas extras da policía, por non ter o persoal suficiente, un incremento na axuda a domicilio e nuns investimentos nun ano electoral. Repite que a realidade no 2019 e xa se adianta no 2020 hai que facer ese plan económico – financieiro para que se cumpran as contas, hai que lembrar que había que habelos previsto e non excederse nese gasto, sobre todo cando se fala de prestación de axuda a domicilio, incluso en horas.

Intervén Dª Isabel García Díaz dicindo que a Sra. Interventora explicou o motivo polo que se ten que facer así este plan económico-financeiro.

Intervén Dª Gloria Prada manifestando que do informe queda constado con absoluta claridade que o Concello cumpre co límite de débeda a data 31.12.2018 cuxa débeda ascendía a 481,000,00 que supón un 3,72 % dos ingresos correntes liquidados, estando moi por debaixo do 110% que recolle a normativa vixente e, que no 2019 vaise cumprir con dito límite manténdose moi por debaixo dos límites fixados pola lei. Este concello cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria definíndose, este concepto como a situación de equilibrio o superávit estrutural, presenta unha capacidade de financiación de 1.078.367,17 euros, cumpre tamén co período medio de pago. Ademais cumprindo todos eses aspectos atopámonos inxustamente co incumprimento da regra de gasto. Para o cálculo para a regra de gasto, faise de forma conxunta para tódolos concellos de España, prescindíndose dunha análise da situación individualizada. Ademais incorpora calquera gasto, xa sexa de natureza corrente ou de capital. Se ten en conta gastos financeiros e gastos de inversión, financiados con fondos propios. Deberían calcularse unicamente os gastos correntes. Resulta necesaria e inaprazable unha modificación da Guía da regra de gasto. A Administración Local ten unhas limitacións para trasladar a boa xestión á realización de obras e prestación de servizos. Polo tanto a regra de gasto, non existe un problema estrutural propiamente dito. Para cumprir o establecido na Lei nos vemos obrigados a elaborar un Plan Económico financeiro. Non se toma medida económica extraordinaria porque as liquidacións dos dous últimos anos pon de manifesto a situación económica saneada, o único obxectivo do plan e dar cumprimento ao presuposto do ano 2019 e na elaboración do 2020 ter en conta que se chegue á estabilidade.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que están de acordo que habería que derogar esa normativa sobre a estabilidade financeira, fala da reforma do 2011 xa se sabía desa norma. E coñecedor de que o concello goza de boa saúde económica non obstante se pasaron no gasto, o Concello pasouse nesa estabilidade financieira en 480.000,00 € que hai que recuperalos nos vindeiros anos, espera que sexa así e que se recuperará cumprindo os orzamentos do ano 2019 e 2020. Tamén se nos dixo na comisión informativa que no ía e influír dunha forma importante na vida cotiá do Concello.

Intervén Dª Isabel García dicindo que a regra de gasto e unha norma que está prexudicando a concellos que foron ben xestionados no tempo. Eu o que pretendía é que a Interventora repetira unha explicación, moi clara, económicamente falando que deu na Comisión. Fala de que dispoñen dun diñeiro que posiblemente poderían utilizar en cousas moi necesarias. Manifesta o seu voto a favor.

Intevén Dª Gloria Prada dirixíndose ao Sr. Emilio José matizando que no ano 2018 non foi ano electoral foi no ano 2019.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

## 7. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 58/2019 PARA AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DO ENDEBEDAMENTO

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e catro abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e dúas do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"De conformidade co disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:*

*Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ó destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con*

*posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*

*b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivésese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

*c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ó longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ó crecemento económico a longo prazo.*

*Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

*3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*

*4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

*5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»*

*No exercicio 2019, á data de elaboración deste informe non está aprobado o Orzamento Xeral do Estado, pero vén de publicarse o seguinte:*

*Real Decreto-ley 10/2019, de 29 de marzo, por el que se prorroga para 2019 el destino del superávit de comunidades autónomas y de las entidades locales para*

*inversiones financieramente sostenibles y se adoptan otras medidas en relación con las funciones del personal de las entidades locales con habilitación de carácter nacional*

*Artículo 2. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2018*

*En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2018 se prorroga para 2019 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. (...)*

*Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2018 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, incumpre o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademáis cumpre co PMP a 31/12/2018 e no primeiro e segundo trimestres de 2019.*

*O superávit do exercicio 2018, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 1.078.220,53 €. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 1.078.220,53 €. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que ó remate do exercicio 2018 ascendeu a 7.325.081,41€.*

*VOLUME DE ENDEBEDAMENTO*
*O volume de endebedamento do concello, no exercicio 2018 situouse no 3,72 % dos recursos ordinarios do orzamento ascendendo a débeda viva a 31/12/2018 a 481.000,00 € incluíndo a operación concertada no 2018, da que aínda non se dispuxo,*

| NIVEL DE DÉBEDA VIVA31/12/2018 | | |
|---|---|---|
| 1 | (+) DRN (CAP I-V INGRESOS) | 14.170.486,18 |
| 2 | (-) INGRESOS AFECTADOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL OU INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 0,00 |
| 3 | (-) INGRESOS AFECTADOS | 1.254.402,31 |
| 4 | TOTAL(1-2) | 12.916.083,87 |
| 5 | DEBEDA VIVA 31/12/2018 Sen incluír PIE | 481.000,00 |

| | | |
|---|---|---|
| | Operacións a longo | 481.000,00 |
| | Operacións de Tesourería | 0,00 |
| 6 | Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes: | 3,72% |

*AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA PREVISTA NO 2019.*
*Durante o exercicio 2019, estímanse amortizacións por importe de 21.100,00 € o que situarían a débeda viva a 31/12/19 en 459.900,00 € (tómase como referencia o importe a 31/12/19 xa que ata esa data está previsto no orzamento crédito necesario para facer fronte ás amortizacións), de acordo co seguinte cadro:*

| PRÉSTAMO | DÉBEDA VIVA (31/12/2018) | AMORTIZACIÓN (2019) | XUROS (2019) | CARGA FINANCEIRA (2019) | DÉBEDA VIVA (31/12/2019) |
|---|---|---|---|---|---|
| BBVA 60104460 | 211.000,00 | 21.100,00 | 3.193,35 | 24.293,35 | 189.900,00 |
| SABADELL 807627721309 | 270.000,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 270.000,00 |
| | 481.000,00 | 21.100,00 | 3.193,35 | 24.293,35 | 459.900,00 |

*É dicir, o Concello de Monforte está en disposición de amortizar a totalidade da débeda consolidada pendente a 31/12/19, que segundo os cadros de amortización previstos ascende a 189.900,00 €, financiándoa con superávit do exercicio 2018, cumprindo así co previsto no artigo 32 da LOEPSF, mediante a tramitación do correspondente suplemento de crédito. Da operación concertada en 2018 xa non se vai dispoñer e solicitarase a súa liquidación á entidade financeira.*

*Visto o anterior é polo que se propón:*

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 58/2019 por importe de 189.900,00 € na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2018, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira,*

| APLICACIÓN GASTOS | DESCRICIÓN | IMPORTE A FINANCIAR |
|---|---|---|
| 011.913.00 | AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA. | 189.900,00 |

| APLICACIÓN INGRESOS | DENOMINACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente de Tesourería para Gastos Xerais | 189.900,00 |

*SEGUNDO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o Concello de Monforte é dos poucos que non vai ter débeda ningunha cos bancos. Terá débeda cero. Non se pagará ningún interese bancario e se quedará con algún recurso dispoñible máis. Cando se tramite quedaremos sen ningún tipo de débeda cos bancos. Cando chegamos ao goberno había 1.700.000 € de débeda e agora, cando se tramite, quedará a débeda cero. A cantidade que se amortiza é de 189.900 euros.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municicipal do Partido Popular.

## 8. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 59/2019 IFS 2019

O ditame á favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e catro abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e dúas do Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*"De conformidade co disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira e o Real Decreto-Lei 10/2019, de 29 de marzo, as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior ó financiamento de investimentos financeiramente sostibles,*

*Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2018cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, incumpre o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademáis cumpre co PMP a 31/12/2018 e no primeiro e segundo trimestre de 2019.*

*O superávit do exercicio, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 1.078.220,53 €. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 1.078.220,53 €. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que ó remate do exercicio 2018 ascendeu a 7.325.081,41€.*

*Tendo en conta que do superávit xa se ten utilizado o seguinte:*

| EXPEDIENTE | DESCRICIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|
| S.C. 51/2019 | COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/01/18 A 31/12/18 | 40.542,48 |
| S.C. 58/2019 | AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA. | 189.900,00 |

*O importe máximo que se poderían destinar fondos ás IFS sería de 847.778,10 € (1.078.220,53 - 40.542,48 - 189.900,00), pero analizando as previsións da execución de gastos e dos ingresos do orzamento de 2019, mantendo as previsións de estabilidade orzamentaria, procédese neste expediente a considerar a cantidade de 307.048,68 €, para, segundo as previsions, manter a estabilidade, sen perxuízo de que unha vez avanzada a execución do mesmo se puidera incrementar o importe destinado a IFS ó longo do exercicio.*

*Visto o anterior é polo que se* ***PROPÓN:***

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 59/2019 por importe de 307.048,68 € na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2018, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co seguinte detalle:*

| APLICACIÓN GASTOS | DESCRICIÓN | IMPORTE A FINANCIAR |
|---|---|---|
| 1532.619.06 | Pavimentación de vías públicas. Outros Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral | 307.048,68 |

| CONCEPTO DE INGRESOS | DENOMINACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente de Tesourería para Gastos | 307.048,68 |

| | | |
|---|---|---|
| | *Xerais* | |

*SEGUNDO. Aprobar a aplicación do remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 307.048,68 € á finalidade de INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES nos termos que estable e o apartado 2.c) da D.A. Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, co seguinte detalle:*

| *APLICACIÓN GASTOS* | *DENOMINACIÓN OBRA* | *IMPORTE* | *VIDA ÚTIL DO INVESTIMENTO* | *Proxección de efectos orzamentarios e económicos* |
|---|---|---|---|---|
| *1532.619.06* | *PAVIMENTACIÓN NA RÚA CARDENAL* | *307.048,68* | *Pola natureza das mesmas a vida útil se entende superior ós 5 anos mínimos que esixe a lei* | *A execución das obras non terá influencia en ingresos nin no exercicio da execución nin nos futuros, agárdase que poida supoñer un descenso nos gastos do capítulo 2 de mantemento de vías nos vindeiros exercicios, e no de realización do gasto as estimacións de cumprimento dos requisitos de estabilidade mantéñense e non se verá afectado o cumprimento de límite da regla de gasto.* |
| *TOTAL MODIFICACIÓN* | | *307.048,68* | | |

*TERCEIRO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que estamos diante do arranxo da rúa Cardenal. Alégrase de que se entenda que é necesario arranxar. Era necesaria esa intervención, podéndose facer de varias maneiras, neste caso óptase por un arranxo integral. Darlle a benvida a esta medida de arranxo integral. Di que xa comunicou na comisión informativa que se realicen eses cambios no proxecto para que non haxa retrasos.

Intervén Dª Isabel García Díaz manifestando que alaba e ve como un gran medida que se faga esa obra porque é necesaria a restauración, na súa totalidade, da rúa Cardenal. Di que o que lle chamou poderosamente a atención é que o Sr. Alcalde no Pleno do 29 de xullo dixo – da lectura á acta- " non todo vale no Cardenal hai algúns problemas". Alégrase de que cambiara de pensar e que procedera a facer ese movemento para levar a cabo esa financiación. Di que, xa que se vai a facer, quedara da mellor maneira posible, esa restauración urbanísticamente tanto na súa humanización como na propia calidade do pavimento. Di que xa preguntou, na

Comisión Informativa, se estamos en prazo de falar cos que firman o proxecto ou co equipo de goberno, para que puideran escoitar suxerencias que pensan que serian importantes nese proxecto. O Sr. Alcalde contestou que o proxecto estaba pechado. Di que o Sr. Alcalde tivo na comisión informativa unha actitude taxante dicindo que ese proxecto estaba pechado, para que puideramos facer unha achega que se puidera ou non ter en conta. Dixo o Sr. Alcalde que xa estaba cansado de que lle dixeran esas cousas. Procede á lectura das verbas do Sr. Alcalde da páxina 16 da acta de 29 de xullo "que aquí vense a falar de política con respecto, vostedes cansáronse de chamarme ditador e machista" Quere dicirlle que ditador e machista é un sentimento, non por que se teñan máis votos ou menos votos. O que se pretendía era facer unhas achegas e vostede non o permitiu así. Ahora ten maioria de votos e pode facelo así.

Intervén Dª Katherinie amosa a súa ledicia . Xa o levaron en campaña e fixérono en redes sociais. Di que o importante son os cidadáns, e o importante é que esa rúa é transitada polos turistas, é un sector moi importante da economía de Monforte. En canto o que sucedeu na comisión, di que lle gustaría participar máis do proxectos, entende a súa maioría absoluta e nos lles queda mais remedio que aceptar. Van ser coherentes e van votar a favor.

Intervén o Sr Alcalde agradecendo o apoio de Dª Katherinie Varela, di que é un alto consenso. Non é so o Partido Socialista. Dille a D. Emilio vostede prantexaba a cor da pedra e non ten ningún inconvinte en que iso se corrixa, si hai algún defecto. Pero traeranse mostras cando se inicien as obras, polo tanto nese momento haberá que ver cal é a tonalidade que se vai utilizar. Dille a Dª Isabel que lle parece ben que lea todas as actas, di que cando presentaron o proxecto están todas as pedras catalogadas, pedra por pedra e o número de pedras que hai que cambiar. Polo tanto, cando vostedes falaron, o redactor do proxecto xa tiña encargado un estudio desa rúa, moitas veces un ten encargado un proxecto e se os técnicos están traballando nel, non era o momento de presentalo, cando se tivo rematado foi cando se presentou. Dille a Dª Isabel que é conveniente viaxar e ver o que hai polo mundo adiante, hai unhas zonas no Cardenal que están mal, no entorno das árbores, pero onde circula máis a xente na marxe dereita cara a Praza de España os desniveis son moi pequeniños. Se vai á Praza do Obradoiro, é espectacular, a parte dunhas franxas de granito, o resto son pedras tipo lousa e teñen unhas fochancas que non lle quere ni contar, diante do Pazo de Raxoi, da Catedral, na capital de Galicia. Lamenta que haxa persoas que se lastimen, no Cardenal e en Carude. Iso non quere decir que sexa un desastre, iso xa ven dende que se fixo a obra por Indeza. Di que el non cambiou de maneira de pensar. E que lóxicamente os proxectos técnicos, encárganse e os fan os técnicos, e comentan como o están facendo, e cando o proxecto está feito e cando se presenta e se aproba. Fala da Comisión e dille a Dª Isabel que confunde ser taxante con seriedade. Isto non é asembleario, polo tanto cada un que funcione como queira, aquí hai órganos de

goberno. Ser machista e ditador é un sentimento, será o seu. Non se sinte nin se comporta. Usar o dereito que dan os votos non é nin ser machista nin ser ditador, entón estariamos chamando machistas aos cidadáns. Agradece ao Partido popular a súa actitude e o seu apoio. É unha rúa que é certo que é como un escaparate, é un dos sitios emblemáticos da cidade.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que a rúa lle fai falla o arranxo está claro, para iso estamos aquí para votar ese financiamento. Di que o que lle pase os de Santiago e de Madrid son problemas deles.

Intervén Dª Isabel García dicindo que ela é unha persoa bastante seria e lle gusta a seriedade. Di que soamente fai falla seriedade e necesidade de escoitar, simplemente como opinión, se vostede que ten a maioría e que pode decidir, xa o sabemos, di que é bo escoitar á oposición, sobre todo cando é unha proposta de algo que podería mellorar ese proxecto. Efectivamente no proxecto figuran uns coloridos, tamén lle escoitei a vostede, que estaban as pedras numeradas e que se ían aproveitar aquelas que fora posible. Pero as pedras teñen cor, por conseguinte, é necesario respectala.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que viaxar está ben, comparar o que se fai nun sitios sempre e bo para comparar. Iso é o que se chama dereito comparado.. Como se di non estamos tan mal como parece. O Cardenal non está tan mal como se di, unha inversión de 300,000,00 euros é importante.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Mixto e do Grupo Municicipal do Partido Popular.

## 9. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE FACTURAS 52/2019

O ditame á favorable á proposta do expediente, por sete votos a favor (Grupo Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto)) e tres abstencións (dúas do Grupo Municipal do PP e unha do Grupo Mixto, Dª Isabel García Díaz), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

*“**VISTA** a relación nº 52/2019 de facturas, que a continuación se detalla, presentada polos Servizos de Intervención para a súa aprobación, en virtude do establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente,*

| *CONCEPTO* | *PROVEDOR* | *BASE* | *IVE* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|
| *S/FRA. NÚM: 35 FECHA: 03/04/2019 PROYECTO DE ARREGLO DE PISTAS EN LAS PARROQUIAS DE CHAVAGA, DISTRIZ, A* | *B27259613 - ABANTE ARQUITECTURA SL* | *869,55* | *182,61* | *1.052,16* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *PARTE, ROZAVALES, SINDRAN Y A VIDE* | | | | |
| *S/FRA. NÚM: 34 FECHA: 03/04/2019 PROYECTO DE ARREGLO DE PISTAS EN LA PERIFERIA RURAL DE MONFORTE* | *B27259613 - ABANTE ARQUITECTURA SL* | *1.051,27* | *220,77* | *1.272,04* |
| *S/FRA. NÚM: 33 FECHA: 03/04/2019 PROYECTO DE MEJORA DE CAMINOS TITULARIDAD MUNICIPAL FIOLLEDA - RIBASALTAS* | *B27259613 - ABANTE ARQUITECTURA SL* | *251,22* | *52,76* | *303,98* |
Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que fai pouco que se publicou na prensa que o Estado transferiu as Comunidades Autonómas. O asunto é a quén lle reclamamos. Está é unha moción a nivel Galiza, en concellos e deputacións, en moitos sitios fanse enmendas, di que non o vai facer por que é un brindis ao sol. Pódese falar de moitos aspectos, que cita, pero en definitiva, precísase un plan de financiamento específico para Galiza que sempre reclamou o BNG. Di que van votar en contra. Aunque a débeda é superior aos 700 millóns de euros.

Intervén Dª Isabel García dicindo que vai ser moi breve. Di que ela vai estar a favor sempre que sexa un beneficio ao concello de Monforte. Si se debe reclamar goberne quén goberno no concello e goberne quen goberne no Estado Español, na Xunta ou na Deputación. Isto debería funcionar doutro xeito. Di que non pode deixar de dicirlle ao Sr. Alcalde, que se rexeitaba o contrato garantizaría o servizo cunha empresa puente. En todo contrato hai unhas claúsulas de obrigas, e se hai un incumprimento grave desas claúsulas o concello poderá solicitar a rescisión do contrato, polo que non tería que indemnizar. Tamén di que non o acusou de facer ningún delito, se están saltando a norma e todo aquel que se salte unha norma. (Da lectura ao informe de intervención do recoñecemento extraxudicial das facturas). Se seguirán a normativa, as facturas non viríán ao pleno.

Intervén Dª Ibán Torres manifestando que quén regula a forma de intervir é a lei. No lle tolera que lle chame a atención por nada. Di que el rise cando algo lle fai gracia. Di que él nunca calificou a ninguén. O de maleducado é mellor que llo aplique a ela mesma. Di que presenta unha moción tipo partido popular. Di que este xa o levaron a outros concellos. Di que este é un práctica moi antigua de desviar a atención para non falar do seu propio. Situación igual que esta foi cando o Sr. Montoro non pagou ás comunidades autónomas no ano 2012. Cando defendía o Sr. Feijoo agora ou no ano 2012. A Constitución hai que cumprila sempre o Sr. Feijoo tamén. Fala do trato discriminatorio que o Sr. Feijoo ten co Concello de Monforte de Lemos. Conclúe que todo o espectáculo que monta o Sr. Feijoo caeu. Sinala que os técnicos do Ministerio de Hacienda atoparon unha forma legal que permita chegar as comunidades autónomas, porque se vai pagar. En todo caso, polo tanto, decae dende o momento no que se di que vai pagar. Agora seria o momento de que a Xunta reparta cos concellos con criterios obxectivos.

Intervén Dª Katherinie Varela di que ela non ten ningún complexo. No está de acordo con determinadas actitudes no Pleno. Di que lle faga gracia que non se reparta o diñeiro que é dos cidadáns españois. Di que este é o Pleno do Concello de Monforte, non é a Xunta. En vez de falar con claridade da moción, non interesa o que fixo o Sr. Feijoo no ano 2012, aquí é de interese o que van facer vostedes. Se hai uns informes, e hai unha orde para transferir eses fondos, quitariamos esta moción, digan cal é o decreto e os informes. Retira o calificativo de maleducado que dirixiu ao Sr. Torres.

Intervén Dª Emilio José Sánchez dicindo que había unha denuncia da Fiscalía e anunciouse que ía a pagar incluso en prazos. Di que é curioso que saíu este tema xusto despois de anunciar que había eleccións. Espera que aqueles cartos que Facenda teñan que devolvelos ós cidadáns, que agora adianten eses pagos para que estean contentos. Anuncia a súa abstención.

Intervén Dª Isabel García, di que efectivamente non sabe si está formulado un decreto pero é verdade que antes de anunciarse de que había eleccións, non había crédito para pagar, e despois do anuncio a Ministra de Facenda, xa se atopara a fórmula para desconxestionar. Ratifícase no que dixo na primeira intervención, as cousas hai que pedilas estea quen estea. Ao Estado hai que pedirlle o que ten que dar as entidades locais, e á Xunta e á Deputación.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que é unha forma de falar. O que lle gustaría é que non lle pode dicir como se ten que comportar. Di que o seu voto será en contra polos motivos expostos. Agradécelle que retire o calificativo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai crédito o que non había era a fórmula legal nun goberno que está en funcións de poder pagalo. Como ese toldo caeu, porque dixeron que ían pagar antes das eleccións, porque os técnicos de facenda atoparon unha forma legal de poder facelo. Aquí ninguén dixo que houbera un decreto para facelo, o que se dixo foi que pagarían antes das eleccións do 10 de novembro.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e Dona Isabel García Díaz (Grupo Mixto) e unha abstención do concelleiro do Grupo Mixto D. Emilio José Sánchez Iglesias.

## 13. MOCION DO BNG EN DEFENSA DA LIÑA FERROVIARIA A CORUÑA-MONFORTE-PONFERRADA, E DAS ESTACIÓNS DE TREN ELIMINADAS

O ditame é favorable á moción, por un voto a favor (concelleiro do BNG) e nove abstencións (Grupo municipal Socialista, Grupo municipal PP, e Dª Isabel García Díaz (Esperta Monforte!)e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*"Instar á Xunta de Galiza a:*

*1.-Negociar con Renfe e Adif a inmediata posta en funcionamento co cáracter de "paradas facultativas" as estacións e apeadeiros eliminados na liña A Coruña-Monforte-Ponferrada, así como os que todavía estando formalmente en funcionamento non contemplan esa opción en moitos servizos.*

*2.-A adecuación de horarios de tres servizos, mañá, mediodía e serán, en ambos sentidos, que faciliten a chegada ás grandes cidades e os transbordos cos servizos de Longa Distancia.*

*3.-A asimilación tarifaria, así como de axudas, subvencións e bonificacións, en igualdade de condicións ao transporte colectivo por estrada (Tarxeta Metropolitana Xunta de Galiza)*

*4.-Promover unha mellora integral da infraestrutura, incorporando a dupla vía, mellorando o trazado, eliminando definitivamente os pasos a nivel, electrificándoa e aumentando os sistemas de seguridade. Resultando unha liña mixta-viaxeiros – mercadorías homologada aos estándares actuais europeos.*

*5.-Establecer os mecanismos oportunos para a creación dun ente ferroviario galego, en exercicio das competencias propias da Autonomía. "*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez da lectura a súa moción. É unha iniciativa para que a Xunta de Galiza faga cumprir as súas competencias e se poda mellorar o transporte.

Intervén Dª Isabel García manifestando que no mandato anterior trouxo varías iniciativas que coincide co que aquí se acaba de presentar por parte do BNG. O que recorda nos últimos plenos, xa estaba licitada a retirada das barreiras de Monforte, as barreiras seguen estando no mesmo sitio.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que coincide plenamente co que vostede di nesta moción. Fala que celebra moito de que acorde dos apeadeiros. Fala das perda dos trens de cercanías. Di que van votar a favor.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradecendo o apoio aos grupos.

Intervén Dª Katherinie Varela di que no tema das estacións, entende que hai nostalxia pero a poboación disminúe e hai que tomar ese tipo de medidas. Di que van absterse.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que no tema da poboación, as administracións públicas cada unha nas súas competencias para que os usuarios usen o transporte ferroviario, outra cousa é que despois de postas, realmente non teñan ese aproveitamento que todos desexamos. Agradece que non voten en contra dirixíndose ao PP.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que isto é complicado pero non estaría mal que en Galicia houbera algo parecido sobre todo naquelas zonas que hai dificultades no transporte público, como en Cataluña ou no País Vasco.

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

## 14. DACIÓN DE CONTA DE DECRETO ALCALDIA DE DATA 18.09.2019 SOBRE ESCRITO ESPERTA MONFORTE!

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta do decreto de data 19.09.2019 de contestación ao escrito presentado por Esperta Monforte.

## 15. DACIÓN DE CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA 2020

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello das liñas fundamentais do orzamento para o 2020.

## 16. DACIÓN DE CONTA DO INFORME PMP 2º TR 2019

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2019, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 2,72.

## 17. DACION DE CONTA DO INFORME MOROSIDADE 2º TR 2019

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2019:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

**18. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 2º TR 2019**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2019, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**19. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (05.08.2019, 08.08.2019 (2), 12.08.2019, 19.08.2019, 02.09.2019, 04.09.2019 E 12.09.2019 QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo. Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen."

**ASUNTOS DE URXENCIA**

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por trece votos a favor dos concelleiros do PSOE e do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros do PP, acorda incluír os seguinte asuntos:

**A) MODIFICACIÓN ADDENDA CONVENIO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA MELLORAS NO SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO**

A proposta da Alcaldía de data 30.09.2019 sinala:

*"En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 30 de setembro de 2019, con base en*

*I.- Que en data 20 de setembro de 2017 otorgouse Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo".*

*II.- Que, conforme ó establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda, en caso de resultar necesaria a modificación das anualidades, ésta se realizará a proposta da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, cando sexa preciso, para acomodar a financiación ó ritmo de execución das actuacións.*

*III.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ó estado das actuacións obxecto do Convenio, a Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, conforme ó establecido na Cláusula Quinta do Convenio, polo que procede modificar as aportacións económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.*

*IV.- Que, polo anteriormente exposto, é necesario modificar o Anexo I do Convenio en cuestión, no referido ó número de anualidades e a distribución das aportacións dinerarias que a Deputación de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e la Confederación Hidrográfica do Miño-Sil han de realizar, para acomodar éstas ás novas necesidades e ó ritmo de execución das actuacións.*

*A antedita redistribución, efectúase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.*

*V.- A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:*

***a.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.***
*Modifícase o segundo párrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte xeito:*
*A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2022. Non obstante, si en esa data non remataran as actuacións obxecto do mesmo nin se tivera procedido á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme ó establecido na cláusula quinta os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga ata o período máximo restante previsto legalmente.*

***b.- Modificación do Anexo I.***

*Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:*

| | ***TOTAL*** | ***CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL (35,71%)*** | ***DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (35,71%)*** | ***CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (28,57%)*** |
|---|---|---|---|---|
| *2018* | *47.190,00 €* | *16.851,55 €* | *16.851,55 €* | *13.482,18 €* |
| *2019* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* | *0,00 €* |
| *2020* | *1.282.810,00 €* | *458.091,45 €* | *458.091,45 €* | *366.498,82 €* |
| *2021* | *70.000,00 €* | *25.000,00 €* | *25.000,00 €* | *20.000,00 €* |

*A adenda modificativa resultará eficaz trala publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscripción no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.*

*Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:*

*Aprobar a segunda Adenda ó Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexerán o financiamento, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo. ".*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que hai que tomar un pouco máis en serio, non se pode recibir un correo electrónico as dúas e media da tarde e vir aquí a votar sobre unha proposta, que entendemos por encima, que hai que alegrarse que se fagan obras de saneamento. Nesta proposta non é tanto a gravidade pero si a que se vai a debater despois, cre que deberían facer as cousas doutro xeito. Nesta proposta van votar a favor porque é unha cousa importante que entende tamén que para o 2020, e contando que se toda vai correctamente a finais de decembro

traeran os orzamentos do 2020, terá que aparecer esa aportación. Van a apoiar a iniciativa.

Intervén Dª Isabel García dicindo que por motivos laborais non tivo coñecemento desta documentación. Non pode votar nin a favor nin en contra nos dous puntos. Coincide co representante do BNG, e di que o proxecto do parque descoñece toda a información. Cre que facilmente podería esperar.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que non tiveron tempo de ler. Non van votar nin a favor nin en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o toman moi en serio. Di que se fai porque se non se perde o diñeiro, se perde o convenio. Ás veces hai reanualizacións. Recorda as urxencias, que se colocaron no anterior mandato. Non porque foran urxentes senón porque se presentaban tarde. Iso non é serio. Di que cre sinceramente que non se debe correr ningún risco. Que costou moito traballo conseguila. Pese as promesas da Conselleira, non se aportou nin un euro por parte da Xunta de Galicia. Agradece ao Presidente da Confederación apoio con 500.000,00 euros pero sen embargo a Conselleira non apoio e iso obrigou ao Concello a poñer máis diñeiro do que teríamos que poñer.

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular. e de Dª Isabel García Díaz (Grupo Mixto).

## B) APROBACIÓN PLAN DAS OBRAS QUE SE PRETENDEN REALIZAR NA PACELA DE REFERENCIA CATASTRAL 1697007PH2019N0001AT NA RONDA MARIA EMILIA CASAS BAAMONDE

A proposta da Alcaldía de data 30.09.2019 sinala:

"*Visto informe do Secretario Xeral do Concello de Monforte, do tenor literal seguinte:*

*"1º.- Con data 26 de setiembre de 2019 o Aparellador Municipal emite informe do tenor literal seguinte:*

*"Por encargo do Sr. Alcalde, achégase a esta memoria un plano de planta (Escala 1:700) da actuación que se proxecta na parcela de referencia catastral*

*1697007PH2019N0001AT, situada na Ronda de Mª. Emilia Casas Baamonde, colindando polo seu lindeiro sur coa parcela do Hospital Comarcal desta cidade.*

*Trátase dun espazo duns 6.212,00 m2 (superficie catastral) que se vai destinar a parque público, uso recreativo e zona de aparcamento. Posteriormente, no proxecto técnico correspondente, definirase con detalle a ordenación completa da parcela.*

*En principio, prevese o seguinte:*

*-Unha zona de aparcamiento en batería de seis metros de ancho ó longo do actual camiño de servizo da Ronda de Mª. Emilia Casas Baamonde (Estrada LU-664).*
*-Un camiño peatonal de tres metros de anchura en todo o perímetro da parcela.*
*-Unha zona de xogos na parte esquerda da mesma.*
*-Varias comunicacións, dun lado a outro, do paseo peonil.*
*-Zonas de céspede.*
*-O mobiliario que no seu momento de defina".*

*2º.- Con data 25 de setiembre de 2019 o Técnico de Medio Ambiente do Concello de Monforte de Lemos, emite informe do tenor literal seguinte:*

*"A zona urbana coñecida como "Barrio do Hospital", que tivo nos últimos anos un gran crecemento de novas edificacións, na súa inmensa maioría habitadas por xente predominantemente xoven, carece de dotacións e de zonas verdes debidamente urbanizadas como son zonas axardinadas, de paseo e áreas de xogo para os máis pequenos, resultando ademais que debido á presencia do Hospital Comarcal onde se produce diariamente unha gran afluencia de persoas, tanto pacientes como visitantes, faise necesario un aumento dá zona de estacionamento.*

*Dende o Servizo de Medio Ambiente consideramos que para que o Concello de Monforte poida corrixir esta situación sería convinte acceder á titularidade da parcela nº 7, de referencia catastral nº 1697007PH2019N e cunha superficie aproximada de 6.212 metros cadrados.*

*Isto permitiría a construción nesa parcela dun parque infantil, dunha zona axardinada coas dotacións que defina non seu día ou proxecto construtivo e que permita tamén acondicionar na súa contorna espazo de estacionamento que sería moi útil tanto para ou novo espazo de lecer como para o propio Hospital Comarcal, que está moi necesitado de prazas de estacionamento".*

*3º- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que "para*

*proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.*

*O artigo 10 do citado corpo legal establece que "a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.*

*4º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social previa á expropiación forzosa, sinala que "a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos".*

*O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmobles previa á expropiación forzosa dispón que "si os bens obxecto da expropiación fueren inmuebles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes".*

*Non obstante o apartado 2 do citado artigo dispón que "non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:*

*a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.*

*b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes."*

*Con base no anteriormente exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte, adóptense os seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Proceder á aprobación do Plan das obras que se pretenden realizar na parcela de referencia catastral 1697007PH2019N0001AT, situada en Ronda de Mª. Emilia Casas Baamonde, colindando polo seu lindeiro sur coa parcela do Hospital Comarcal desta cidade.*

*Trátase dun espazo duns 6.212,00 m2 (superficie catastral) que se vai a destinar a parque público, uso recreativo e zona de aparcamiento. Posteriormente, no proxecto técnico correspondente, definirase con detalle a ordenación completa da parcela.*

*No Plan de obras prevese o seguinte:*

*-Unha zona de aparcamiento en batería de seis metros de ancho ó longo do actual camiño de servizo de Ronda de Mª. Emilia Casas Baamonde (Estrada LU-664).*

*-Un camiño peonil de tres metros de anchura en todo o perímetro da parcela.*

*-Unha zona de xogos na parte esquerda da mesma.*

*-Varias comunicacións, dun lado a outro, do paseo peonil.*

*-Zonas de céspede.*

*-O mobiliario que no seu momento se defina".*

*SEGUNDO.- A aprobación do Plan de actuación na parcela de referencia catastral 1697007PH2019N0001AT, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación do inmueble que nos ocupa."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en relación coa motivación da urxencia o Concello tivo noticias de que podería solicitarse algunha licencia, neses terreos, o que dificultaría a tramitación do expediente expropiatorio, para facer unha actuación nunha zona que non ten zonas dotacionais, iso é o que motiva a urxencia de que sexa adoptado o acordo polo Pleno.
Continúa o Sr. Alcalde falando sobre a declaración de interese social e iso vai permitir que o Concello se faga con eses terreos para levar a cabo proxecto. Un proxecto integral que da servizo a unha zona que creceu moito a zona do hospital, que non ten ningunha zona verde. Pero ademais vai a levar unha dotación de prazas de estacionamento das que esa zona está moi necesitada. É un proxecto que da resposta a varias cousas nesa zona. Explica o plano de situación que figura no expediente e a proposta que se fai dende a alcaldía. Fala do plan de obras, no que se prevé unha zona de aparcamento, unha zona de xogos, zona de céspede e mobiliario que no seu momento se defina. Fala do custe aproximado da obra, sobre 600.000,00 euros.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que, non se fala da urxencia, se refería antes que cando o goberno presenta unha cousa a explique desta maneira. Di que non falou de que a urxencia era pouca seriedade. Di que recibiu hoxe un documento via e-mail, di que non recibiu planos de ningún tipo. Di que dende o 26 de setembro ven se puido enviar a documentación, por iso fala da seriedade, di que todo é urxente. A urxencia a entenden perfectamente. Quizá o de ter un Secretario a tempo parcial é un lastre para o funcionamento diario, isto o di para que no sucesivo non suceda. Fala que este grupo trouxo no anterior mandato a necesidade da parte verde se acondicionase para aparcamento. Fala da colonia de paxaros, fala da salubridade nesa zona do parque que alí existe. Gustaríalle que houbese unha unanimidade por parte de todos, cunha xunta de portavoces. Di que o seu grupo por non estudiar ben a proposta a fondo, é coñecedor desa necesidade, pero anuncian a súa abstención pola falta de tempo de poder estudar isto. Tamén di que habería que estudar a construción dun parque cuberto.

Intervén Dª Isabel García dicindo que polo mesmo motivo que o compañeiro Emilio non pode votar, por iso anuncia a súa abstención, descoñecendo por completo o expediente. Anuncia a súa abstención.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que non está en contra desta medida pero si é necesario dotar de aparcamento, xa o levaban no programa electoral. Di que non tiveron tempo de ler, solicita que non se repita estas circunstancias, di que todos podan ler con tempo o expediente, pero iso non quere dicir que non sexa necesario. Anuncian a súa abstención.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que cando é un asunto de urxencia é así. Dille a don Emilio que si falou de urxencia e dixo que non era serio esta urxencia, non pasa nada. Non se enviou antes por que non chegou a documentación o plano recibiuno, hoxe día 30 as 14.24 horas, por eso motivos é polo que nons e nviou a dcumentación. Di que el lle falara vostede dos secretarios que están a tempo completo, e o que nos estamos atopando nos caixóns, si el lle contara. Deixe estar as alfombras onde están, había algún dios pero a realidade é a que é. Deixemos aos funcionarios que traballen da mellor maneira posible. A Xunta que mande mañá a Secretarios, Interventor, estamos tamén sen Tesoureiro, tamén algún dos que faltan virá, pero tamén a tempo parcial. Fala do problema dos árbores do hospital é que non os podan e dos estorninos. Hai que dicirlle ao Sergas que pode. A proposta que vostede fai dun parque cuberto, di que non coñece ningún, aquí non neva todo o ano, non cre que faga falla facer parques pechados.

Intervén D. Emilio José. O Sr. Alcalde escoitou o da urxencia, escoita o que lle parece. Non lle falaba da seriedade, di que en ningún momento pon en valor o traballo do Sr. Secretario, pero en ningún momento pon en dúbida o traballo do

Secretario. Se quere levantar as alfombras levante, dille que a el non lle pesan nada, ten as alforxas baleiras

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular. e do Grupo Mixto.

## 20. ROGOS E PREGUNTAS.

### -ROGO DO BNG ILUMINACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA FLORIDA

*"Exposición de Motivos*
*O parque infatil da Florida, situado na rúa Benito Vicetto, na actualidade carece de iluminación. Son moitos os usuarios desa infraestructura que se queixan que en inverno, a horas moi temperás, e nestas datas de verán onde o tempo de aproveitamento é maior polo bo tempo, non se pode desfrutar. Este é un tema xa tratado no anterior mandato e non solucionado.*

*Solicitude*
*Que se fagan as xestións oportunas para que, dunha vez por todas ,se arranxe esta carencia e así poder aproveitar todo o potencial deste espazo lúdico tan concorrido. "*

*Resposta o Sr. Alcalde*

Di o Alcalde que non se transferiu decidiuse non aceptar esta transferencia, porque a Xunta de Galicia tiña unha débeda daquela con Fenosa agora Naturgy, con cargas non se podía recibir, cando a Xunta saldara a débeda evidentemente recibilo. Non é noso. Cando a Xunta satisfaga a débeda nós encantados de poder recibir.

### -ROGO DO BNG ARRANXO DAS ESTRADAS LU-P-3202 E LU-V-6013

*"Exposición de Motivos*
*Os tramos das estradas a Fiolleda e a Rozabales, presentan, en boa parte do seu percorrido polo noso Concello, un lamentábel estado de conservación, mesmo en certos tramos supoñen un risco para a circulación. Deste xeito téñense dirixido a este grupo moitos veciños".*

*Solicitude*
*Que: o equipo de goberno se dirixa á Deputación Provincial, titular de estas vías, para que, á menor brevidade posíbel, se arranxen.*

Resposta o Sr. Alcalde

Manifestando o Sr. Alcalde que tivo unha reunión na igrexa de Rozabales, que a utilizan un pouco como local social, había algún veciño de Vilamarín, de Vilachá de Salvadur, di que explicou as cousas e comprometeuse a xestionar o arranxo desa estrada. O día 27 había Xunta de Goberno na Deputación e xa se aprobou a inversión. Vaise facer cun prezo de licitación de 350.000,00 en seis meses esa estrada estará feita ata Vilachá. Di que tamén desbloqueou duas estradas, tamén o Mirador do Duque que estaba feito un desastre na zona de Sober. Seguirán nesa liña.

**-ROGO DO BNG RELATIVO Á ILUMINACIÓN DE VARIAS RÚAS DO CONXUNTO HISTÓRICO**

*"Exposición de Motivos*
*O Conxunto Histórico-Artístico de San Vicente e a súa contorna, é un referente a nivel túristico para esta vila. Ademais, a veciñanza ten que soportar a deixadez nas inversión nesta parte da cidade. A deficiencia do alumeado provoca unha mala imaxe do noso patrimonio urbano e afecta tanto a visitantes como veciños.*

*Solicitude*

*Que: se melloren e amplie o alumeado público nas rúas da Cerca, Corna, Flores, Burato e naquelas outras que o precisen. Espazos estes senlleiros para a cidade.*

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde di que é mellorable todo Monforte incluso o rural, di que eles adquiriron un compromiso de mellorar o alumeado da cidade e incluso o rural. No ano pasado foron 58 rúas, no rural foron 200 farolas. Di que xa melloraron, di que neste mandato a estrada das Cruces, o parque Doutor López Suárez está en proceso de contratación, catro rúas da Estación, cun convenio da Deputación Provincial. O seu compromiso é chegar a toda a cidade incluso as rúas de San Vicente. Di que pronto haberá dúas actuacións no entorno de San Vicente que van mellorar moito a iluminación nesa zona. Chegarán á totalidade de Monforte.

**-ROGO DO BNG RELATIVO A AXILIZAR OS TRAMITES PARA MANTER A FRANXA DE PROTECCIÓN CORTALUMES EN FINCAS PARTICULARES**

*"Exposición de Motivos*
*Manter as franxas cortalumes nas fincas particulares segundo a normativa vixente, é competencia muncipal. En datas pasadas o Concello desenvolveu a corta duns pinos nas parroquias de Moreda despois de que foran denunciados, en numerosas ocasións*

*pola veciñanza. É probábel que se produzan máis denuncias deste tipo por parte de veciñ@s ante o temor de que un incendio, como o do pasado cinco de setembro, ocasione danos irreparábeis.*
*Solicitude*
*Que: se axilicen os trámites precisos, na medida do posíbel, para a limpeza destas marxes de seguridade cando hai unha alerta por parte da veciñanza.*

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde dicindo que non hai ninguna soa demanda de veciños sobre desbroces que non se tramitou. En relación con esa corta de pinos levamos tempo pero hai que levar unha tramitación concreta, ata que finalmente podes entrar na parcela e cortar.  O tema das franxas secundarias, saíu  publicada a Lei no DOG a Administración deuse conta de que fixo unha lei sen medios para os Concellos, non se poden levar as esixencias da lei porque os Concellos pequenos non teñen medios. A Administración autonómica deuse conta de que isto era así e asinou un convenio coa Fegamp por unanimidade e a empresa pública SEAGA, e esa empresa é a que limita as franxas secundarias. En tres anos está previsto invertir 30 millóns de euros.  Polo tanto é a empresa pública SEAGA é a que ten o encargado da elaboración das franxas secundarias.

**-ROGO DO BNG RELATIVO A AXILIZAR OS TRAMITES PARA MANTER A FRANXA DE PROTECCIÓN CORTALUMES EN FINCAS PARTICULARES**

*"Exposición de Motivos*
*O lugar coñecido como Lama de Seoane, un terreo de aproximadamente cinco hectáreas, localizado na parroquia homónima, a carón da estrada LU 617 foi utilizado na década dos oitenta do século pasado, como vertedoiro. A mediados dos noventa, foi clausurado e selado a medias. O incendio de principios de setembro deste ano, deixou ao descuberto o estado no que se atopa, con moreas de terra e cristais sen nivelar, ademáis de numerosos obxectos metálicos, etc. Non cremos que esa sexa a imaxe que se pretende transmitir dun espazo público.*

*Solicitude*
*Que : se esclareza a propiedade desa parcela; que se faga un estudo sobre o seu posíbel aproveitamento e que se sele de xeito correcto os restos do vertedoiro.*

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde dicindo que non saíu moi afortunada as cousas que se dixeron nesa noticia. Di que, senón ten mal o dato  que esta é unha parcela do Monte comunal dos veciños de Seoane. Di que este non é un vertedoiro legal, nalgún momento algún industrial botou alí o que non debía botar. Nos derradeiros

anos a Consellería de Medio Ambiente pregunta se hai algún vertedoiro incontrolado e veno sacar, cando o volva a preguntar lóxicamente o diremos para que veñan quítalo.

**-ROGO DE ESPERTA MONFORTE! PARA SOLICITAR A RENOVACIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE**

*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O día 21 de febreiro de 2019 quedou constituído o Consello Municipal de Saúde. Como ben sabe tralas eleccións municipais de maio producíronse cambios importantes na corporación municipal polo que membros que figuran como representantes dos partidos políticos a día de hoxe non están na corporación, motivo polo que*

*ROGAMOS*

*Actualización dos membros de dito Consello para facer posible o funcionamento. "*

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta que xa se ten comprobado que membros non pertencen, cambiar os membros a quén designen o grupo do Partido Popular, tan pronto este feito haberá que reunilo por primeira vez.

**-PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE! ACERCA DOS VERTIDOS AO RÍO**

-Que médidas ten previstas o Concello para a construcción dunha nova depuradora con capacidade suficiente?

-En que prazo vai darlle solución ao problema e dotalo orzamentariamente?

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde dicindo que non é certo que o 80% das augas de Monforte esten sen depurar, porque nese informe ao que vostede alude ven a dicir que está con bastante calidade a auga, non pode ser. Di que este Goberno municipal mellorou moito a sanidade do río Cabe, xunto ao Clube Fluvial había un vertido ao río, conseguiuse que esas augas xa non veñan ao río. Na zona de Aceña Nova houbo un pozo que saía ao río, fíxose un pozo de bombeo que se bombea a rede de saneamento, toda a Aceña Nova, agora vai a Carud. O problema de rede de saneamento e o contrario da rede de abastecemento. Pero a rede de abastecemento filtra para dentro. As tuberías, as xuntas están como están e fíltrase a auga. Fala das melloras que se fixeron na rede de saneamento.

**-PREGUNTA ESPERTA MONFORTE! ACERCA DA AMBULANCIA DO SAN MATEO**

1.-Cal foi o motivo polo que non se contou con ambulancia desde pola mañá?

2.-Ten información das causas que motivaron esta carencia de cobertura sanitaria?

3.-Incumpriu a empresa das ambulancias o horario contratado?

Resposta o Sr. Alcalde

Non houbo ningún problema nese sentido o servizo de ambulancia pola maña non adoita ser necesario, os problemas de comas etílicos adoitan ser pola tarde e pola noite. Estivo cuberto o servizo de ambulancia.

**-PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE! SOBRE O PECHE D4E LOCAIS E SANCIÓNS A PUBS NA RUA DUQUESA DE ALBA**

. Cantos de estes expedientes están pechados?

. Cantas sancións e multas se notificaron e a que locais?

.-Cantas foron pagadas polo sancionados?

. -Que medidas pensa tomar e en que prazo para que se cumpra o horario de peche e poidan descansan os veciños?

Resposta o Sr. Alcalde:

Manifestando que lle agredece que lle faga a pregunta. Di que levan anos e anos que en Duquesa nunca se fixo nada. Di que el ordenou o peche dalgúns locais que cumprían cos requisitos, algún deles arranxaron e obtiveron licenzas. Fala de que procuran ser rigurosos co cumprimento da Lei. Dos exercicios 2018 e 2019, están incoados, aberto o expediente e notificada a proposta 158 do 2018, 59 do ano 2019, hai un gran número que presentaron alegacións que se van resolvendo, a data actual o servizo que leva este tema di que non está pechado ningún. Todos os citados foron notificados coa proposta inicial de sanción, con proposta firme de sanción están a data de hoxe 21 expedientes, todos do exercicio 2018, todas estas propostas corresponden so a dous locais. No caso de non ingresar voluntariamente o importe estarían na vía de apremio como calquera outra débeda.

**-ROGO DO PP PARA QUE O SEÑOR ALCALDE SE INSTE A SE MESMO COMO PRESIDENTE DA DEPUTACION PARA O ARRANXO DA ESTRADA LUP3202**

.Proceder de inmediato ao arranxo desta estrada, solucionando os problemas de asfaltado, sinalización, maleza e danos causados en Baamorto.

Resposta o Sr. Alcalde:

Manifesta o Sr. Alcalde que vaise a bachear.

**ROGO DO PP PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL TERMINE O ARRANXO DA RÚA CHAMOSO LAMAS**

.Que se revisen os traballos da rúa Chamoso Lamas, melloren a súa finalización, reparen o asfaltado, melloren as marxes para os peóns e comproben a visibilidade e sinalización do citado cruce.

Resposta o Sr. Alcalde:

Manifesta o Sr. Alcalde dicindo que esa rúa dende Rioseco ata Valle Inclán era unha pista, un asfalto de rego. Ampliouse no ano anterior, con dous carriles, ven sinalizada e pintada e cun reductor de velocidade e ampliouse todo o que se pode ampliar. Se agora é problemático para os peóns como sería antes, os peóns terán que ir pola rúa cando non hai beirarrúa. Iluminouse, agora hai un boa iluminación. Había unha falla de seguridade tremenda, agora teñen unha varanda metálica e xa está feito un proxecto que vai dende o transformador, que tan pronto teñamos diñeiro farémolo.

**-ROGO DO PP PARA QUE O GOBERNO MUNICPAL REPARE AS DEFICIENCIAS OCASIONADAS TRALA OBRA DE ARRANXO DA RUA SANTO DOMINGO**

. Revisión da obra na citada rúa e realice os arrranxos necesarios para a mellora do seu estado.

Resposta o Sr. Alcalde

Manifesta o Sr. Alcalde que xa sabe que persoa é a que lle contou sobre a rúa Santo Domingo. Di que esas pedras non se moven ningunha e se hai algunha que se mova haberá que dicirllo á empresa. Fala da boca de rego, haberá que asegurarse non recorda esa boca de rego, se comprobará. En relación coa tema da auga dos portais, foise comprobar, e non entra a auga en ningún portal cando chove normal non. Poña en dúbida o que lle dixeron.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás vintetres horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,